

**XXII Cata
de viños
da Ribeira
Sacra**



Páxina 10

**Arde Lvcvs
do 16 ao
19 de xuño**



Páxina 11

**As
irmandades
da Fala**



Páxina 18

**Festas de
Ourense do
25 de xuño
ó 3 de xullo**



Páxinas 20-21

**Relato breve
Cumio Medio-
ambiente &
Saúde con
entrevista
a Fco. Peña**



Páxinas 28-29

Día Internacional das Feiras



O sector feiral de Galicia atópase en pleno auge de actividade, somos o punto de encontro idóneo para a oferta e a demanda dos principais sectores da comunidade," declarou o presidente de AGAFE e director xerente de Expourense, Alejandro Rubín Carballo, no Día Internacional das Feiras. En 2015 Galicia celebrou 250 certames dedicados a gandería, turismo, librería, gas-

tronomía, automóbil, actividades marítimas, entre outros. Cabe destacar as 5 citas internacionais que organizaron os recintos galegos: Xantar en Ourense, Semana Verde en Silleda, Internacional do Moble de Galicia na Estrada, Termatalia en Ourense e Conxemar en Vigo. Cubríronse 400.000 m2 de exposición grazas aos 6.500 expositores e máis de 2 millóns de visitantes que

se achegaron ata estes recintos. Durante o ano 2016, os xestores dos recintos e organizadores de feiras contan con seguir esa liña ascendente. En Galicia, unha feira xera na súa contorna económica entre 5 e 7 veces o volume do seu custo. A xunta directiva de AGAFE celebrou unha xuntanza no Hotel Puerta del Camino, de Santiago de Compostela.



Te enamorarán los detalles...
www.ocahotels.com



Hoteles en:

GALICIA: Santiago de Compostela, Cee, Vigo, Sanxenxo, Portonovo, San Vicente de O Grove, Sarria, Palas de Rei, Ferreira de Pantón y Manzaneda.

ASTURIAS: Oviedo y Gijón.

SALAMANCA: Aldeaduero (Saucelle).

BRASIL: Maragogi.

Entra en nuestra web, date de alta en nuestro programa de fidelidad LIVE OCA y tendrás un **8% de descuento** en todas tus reservas

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

A renda básica de integración

O goberno local d'A Coruña presentará este mes no Pleno unha Ordenanza para regular a percepción dunha Renda Básica de Integración (RBI) por parte dos residentes que cumpran uns determinados requisitos. A medida constitúe un dos puntos fulcrais do programa electoral que o alcalde Xulio Ferreiro e a Marea Atlántica presentaron ás últimas locais de maio do 2015.

Esta caste de prestacións son esenciais nunha época de crecente exclusión social, coma nesta que vivimos. Na nosa Galicia, a porcentaxe de poboación en risco de exclusión medrou do 16 ao 20%, mentres que tres millóns de cidadáns españois ficaron fóra da clase media dende que comezou a Grande Depresión. Estas Rendas garanten unha existencia digna, concibida como dereito da persoa e resolven, dende logo, moitas cuestións que ameazan a inclusión social. Dende a pobreza enerxética, até a presión de determinados empregadores que poden usar a actual falla de cobertura social como medio coercitivo para obter traballadores que perciben o salario mínimo por dez ou once horas de traballo.

Adoita obxectarse a esta caste de prestacións un suposto efecto desincentivador sobre a busca de emprego, É dicir, habería supostamente persoas que eludirían traballar para cobrar, no seu canto, esta caste de prestacións. Cómpre desbotar este argumento de patación. Ninguén con sentido común deixa de traballar para cobrar unha paga de pouco máis de 500€.

Canto ao impacto na economía global, compre dicir que esta caste de rendas suple a falla dun nivel mínimo de ingresos, polo que simplemente complementará, no peor dos casos, as pensións contributivas e non contributivas, subsidios por desemprego ou RISGA. E suporá unha dinamización canto aos consumos de primeira necesidade, cun importante impacto na facturación das pemes locais.

En último de contas, a Renda Social de Integración é unha solución acaída e precisa, mais certamente non abonda, para resolver os complexos problemas de inclusión e cohesión social que os gobernantes austericidas contribuíron xerar neste tempo de recesión. E quitará moitas persoas do burato de miseria no que viven.

Gaña Leiceaga, perde Feijóo



As primarias para elixir candidato do PSdeG á Presidencia da Xunta remataron cunha relativa sorpresa, pois que Xaquín F. Leiceaga impúxose a Méndez Romeu (55,67% vs. 44,33%). A participación, arredor dun 65%, foi moi alta, en comparación coas obtidas en procesos de primarias ou congresuais de Podemos, Anova ou o BNG. Quizais sería porque os dous proxectos eran nidos e definidos. E ía haber, de certo, gañadores e perdedores.

O exconselleiro Méndez Romeu achegaba boa capacidade política e relacional, indubidábel intelixencia e ampla experiencia. Achegaba tamén o apoio do superalcalde Caballero (en Vigo Romeu arrasou cun 77% de votos), da presidenta da Deputación pontevedresa Carmela Silva, dos exministros Caamaño e Blanco, do exalcalde lugués Orozco, do ex secretario xeral Pachi Vázquez e dos restos do vazquismo coruñés. Achegaba o proxecto de hexemonía socialista propio da época do felipismo e do guerrismo, que no 2016 é tan irreal que constitúe pouco máis ca unha desculpa para non artellar a alternativa plural que lle dea o relevo democrático a Feijóo.

Fronte esta potente alianza, Leiceaga achegou o sentido común da afiliación de base (que ten claro que o adversario é o PP

e non acredita noutras andrómenas) e un proxecto de País que sempre lle acompañou e que lle vai permitir participar con forza nunha coalición galeguista e progresista de goberno, no caso moi probábel que PP e C's non acaden no vindeiro outubro a maioría absoluta.

É chocante ler que a escolla entre F. Leiceaga e M. Romeu era puramente de persoas ou de grupos. Porque non era tal. Tratábase de decidir entre un proxecto de cambio, con perspectiva de País ou a recreación dun pasado localista e xacobino, en conexión con aqueles que semellan preferir Rajoy ou Feijóo a lle ofrecer á cidadanía unha alternativa plural que mellore a calidade da nosa democracia, que aposte polo crecemento e que enfrente as reformas precisas para lle dar canle á plurinacionalidade do Estado.

Velaí que o perdedor destas primarias sexa, moito máis ca Méndez Romeu e os seus aliados, o propio Núñez Feijóo. Porque agora, coma no xa distante 2005, enxérgase unha moi probábel alternativa plural que sexa quen de archivar o austeritarismo romo e falto de xestión e ilusión que definiu estes sete anos de goberno do PP no noso País.



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero

Ás veces un chega á desesperación vendo como poden máis os intereses privados e persoais que o ben común. En vez de aglutinar fraccións políticas, seguimos o proceso atomizador que queren os contrarios e preferimos confundirnos de opoñente. Si, así está sucedendo. Emprégase máis furor cos que se parecen a nós e teñen algo de común –bastante– que cos que están totalmente arredados. A

ninguén lle acorda que persigamos un estado de benestar e progreso, de protagonismo sen dependencias e, nesta historia de ninguén, metémonos a nadar e facémolo apoiándonos nos compañeiros do lado para, coa nosa presión, afundilos. Multiplicamos a súa fragilidade e a nosa e, nenas penchas parroquiais

perdémonos, en disquisicións intrascendentes créndonos redutores e coa capacidade do insulto. Dentro de pouco estaremos tan separados e fragmentados que nos evaporaremos entre siglas indefinibles. Aquel soño da Nación e das culturas cohabitando xuntas e orgullosas o espazo europeo foi ao garete por culpa das economías de mercado, das cuantificacións dos beneficios, das cotizacións en

bursa, ...dos números e das leccións que nos dan estes iluminados. A teoría submeteuse ao cálculo e non é práctica. Ao final os números mandan. Alá quedaron as boas intencións e a base sustentadora dos dereitos humanos. Pola contra vemos que todo se esfuma todos os días coas corruptelas diante dos ollos. Son aqueles o inimigo, os que nos culparon de vivir por riba das posibilidades. Si, xa sabemos que foron acompañados dos banqueiros, empresarios e institucións, corruptas na mesma sociedade que –se os escolle– hipotécamos a nós, aos que non sabemos de paraísos fiscais. Europa hoxe é unha decepción que nin sequera abeira esperanzas dun porvin

Corren malos tempos

acolledor. Nin sequera alimenta o noso escaso contento case perdido ao ver como “os partidinhos” esfameados nos insultan a razón. Vemos a mala xestión todos os días, a malversación de fondos públicos, o tráfico de influencias, as evasións fiscais, a falla de aplicación da xustiza, a presunta culpabilidade dos que buscan pan, e –para colmo– a presunta inocencia dos que rouban a mans cheas. Evidénciase a falla de servizos garantidos de supervivencia e de respecto humano, a falta de comprensión cos emigrantes, cos refuxiados, ... Isto semella non ter remedio. Pero si o ten, será compoñendo desde a casa propia, o círculo social máis pequeno e desde aí,

conciliar vontades de cambio, de botar aos que abusaron do poder e nos meteron aquí –despois de pagaren a desfeita, claro. A solución está ao redor de nós e levala adiante de forma expansiva. Cómpre buscar elementos aglutinadores, primordialmente denominadores comúns que teñan en conta a orixe, a dignidade humana e o ben común. Polo que vexo, a xente do común sábeo pero os partidos políticos aínda non se enteraron. Non entenderon que hai que actuar xa, saber quen é o inimigo, ese que nos afoga entre cifras, porcentaxes e rendementos. Non hai tempo que perder, o rural téñeno en desfeita e non falemos das propostas de TTIP ou manternos irremdiabilmente nesta decadencia, hipotecando outra vez o futuro,

antes que en dar coberturas sociais aos máis necesitados ou de botar unha man para axudar, para axudarnos nesta sociedade que detén e castiga aos pobres cando venden nas rúas enriba dunha manta e despois chama “empresarios exemplares” a aqueles que empregan nenos en Asia en condicións lamentables e escravistas. Se mirades para a industria xa vedes que proxectos nos agardan e na pesca igual, somos a reserva de “eucaliptos” para dar chance ás porcalleas fábricas que estragan calquera paisaxe. E a Nosa Cultura e Lingua esmorecendo na sombra de calquera decreto indecente. Pero o peor aínda é que haxa quen, despois, sexa capaz de votalos cando o que habería que facer era botalos. E ben lonxe para que non incen.



Por: Guillermo Rodríguez

Director



Para que sirven os xornais?

Apenas uns meses atrás preguntábase nun editorial se os medios de comunicación estaban resultando tóxicos para os lectores.

Recibimos varios comunicados no senso de que esaxerábamos con aquela pregunta. En máis dunha ocasión tivemos a oportunidade de falar en público sobre a función dos medios, así como de que maneira que deberan trasladar aos lectores a información. Sempre tropeizamos con muros de profesionais que non estaban de acordo cos nosos prantexamentos. Díciásenos que as normas "oficiais" sobre como dar unha noticia non eran como eu a entendía. Claro, como eu non pasei polos centros educativos de xornalismo; ou sexa, era un intruso neste campo por iso tiña unhas ideas "sui xeneris".

O que eu defendía, vinte anos atrás, era que un medio non pode limitarse a informar escuetamente; dicía, daquela, que tamén debería dar datos ao posible lector para que puidera ter un campo de visión máis amplo. A resposta categórica dos profesionais era que cando un xornalista dá unha noticia non pode, ao mesmo tempo, opinar sobre o feito xornalístico. Así o mandan, dicían, os cánones do xornalismo máis puro.

Pero, hete aquí, que hoxe tiveron a grande satisfacción de que os meus prantexamentos "supostamente heterodoxos" son os mesmos que defende un avezado xornalista, nada

máis e nada menos, que o Presidente de WAN-IFRA (Asociación Mundial de periódicos e Editores), Vincent Peyrégne. Isto é o que declarou: "Os xornalistas non deben conformarse con contar unha historia, senón que, ademais, teñen que propoñer de forma crítica e rigorosa solucións aos seus lectores".

Miren vdes. por onde desaparecen dun plumazo todas as normas clásicas sobre a maneira de informar nos xornais. Nestes momentos asistimos a un verdadeiro linchamento xornalístico coa "interesada" intención de facernos crer que neste noso descomposto Estado Español non debe cambiar nada.

Os medios, en xeral, están de acordo en que os gobernos que tivemos ata agora son os mellores que podemos ter no futuro. Día si e día tamén, poden darse vdes. un paseo polas páxinas de Opinión de todos os xornais que nos ofrecen nos quioscos ou cafeterías e comprobarán como aquí estamos á caza e captura dos chamados disidentes do sistema; dos que propoñen cousas distintas ao de sempre; non se decatan que si cambia o campo de xogo tamén teñen que cambiar os xogadores. Non importa que os directores sexan de dereitas ou, supostamente, socialdemócratas, Por certo, un termo moi discutido nestes momentos. O que importa é que todos están no mesmo barco que está sufrindo vías de auga. Temen un naufraxio compar-

tido que os deixe sen as súas principais fontes de financiación. E aí, nese terreo, son como uña e carne. Informar non informan, pero manipular a información e sacar conclusións gratuitas sobre o futuro que nos espera, nese terreo, son implacables.

Non esperen vdes. que critiquen unha xuíz cando lle pregunta a unha muller violada "se apretara ben as pernas cando foi atacada"; non esperen vdes, críticas a un goberno que permite unha carga fiscal ás rendas inferiores a 7.200 euros, dun 28% e, ao mesmo tempo, permite que os que gañan máis de 133.700 euros ano paguen pouco máis, un 33%. Non esperen vdes. unha serena análise sobre a delaración dos "expertos oficiais" cando opinan que a loita contra o fraude fiscal non vai reducir o déficit; non esperen unha serena análise crítica dun feito, escandaloso, de que os países da UE teñan acordado fai apenas un par de anos, un desembolso de 62.000 millóns de euros para o desenvolvemento de África e así loitar contra a saída masiva dos cidadáns deses países que foxen da guerra e da miseria. Ata este momento teñen comprometido o 4% (si, si, leron ben; o 4%). Pero acto seguido erguen barreiras nas fronteiras para que non pasen.

Sobre estas e outras escandalosas situacións permitidas por eses partidos e países "democráticos de sempre", que din son os únicos que

poden sacarnos desta charca de corruptos infames, disto non esperen vdes. ningunha análise.

O da prensa española nestes momentos e "mantenella e non menealla". Aquí temos que defender eses "valores patrios" que aseguran nos trouxeron tanto benestar e felicidade; os demais temas: a xente que non ten teito; os que buscan comida cadudada nos contedores ás portas dos supermercados, os que loitan "contra todos" para defender un mísero habitáculo que por ser "propiedade privada" non poden ocupar; vai contra a lei que eles mesmos, os poderosos se deron para defenderse dos que nada teñen, aínda que sexa a costa de que haxa cidadáns morrendo de fame.

Non esperen vdes. ningún comentario, nos esperen investigacións serias sobre a orixe de tanta miseria e tanto abuso. Os xornais non están para iso; a súa función é de-

fender o seu cocido e o dos seus patróns; traballan "pro domo sua", que dirían os clásicos.

Caía quen caía. Esa é a prensa clásica, profesional, seria. O deáis din que é "populismo, dándolle un senso peiorativo ao termo.

Os que levamos media vida sen comungar con esas rodas de muíño somos, simplemente, uns ignorantes, uns intrusos nesta "sacrosanta" profesión.

Menos mal que Vincent Peyrégne, senm preténdelo, botounos un cable; de non ser así seguiríamos condeados á fogueira eterna por esa prensa que todos vdes. xa coñecen. Esperemos que a este novo campo de xogo cheguen novos xogadores sen cambadelas nen outras trampas do sistema.

Anímense, vaian a votar porque xuntos podemos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores:

GALIZA: Jesús Losada (jlosadadorado@gmail.com) - Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) - Montserrat Rodríguez (cursosspanhol.cep@gmail.com) - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - L. Mtnéz. Risco - Fco. Peña - Nemesio Barxa - Andrea GORO - Anxo Mena - I. Otero Varel - Susi Rodríguez

PORTUGAL: Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho.

MADRID: -Juan Louzán - BARCELONA : Fdez. Valdeorra - PAIS VASCO. Nicolás Xamargo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (KOKI)

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)

Depósito legal: VG-138-2015



Letras

Nazón de Breogán

Por: Ramón Coira Luaces

As segas estivais a Castela do pasado son un síntoma máis da situación de indixencia das clases populares e de dependencia na que quedou Galiza desde o final da Idade Media, coa intromisión castelán no seu territorio. Unha dependencia e asoballamento social, económico e político, que levaba paralelo un desencontro cultural e unha represión lingüística, que aínda hoxe continúa, enmascarada de mil maneiras. E na que a Igrexa castelán asentada en Galiza xoga un papel moi activo. Ao mesmo tempo que pasaban fame, miseria e penalidades, os galegos foron converténdose en obxecto de burlas e aldraxes, como reflexan os escritores españois do Século de Ouro e tamén recolle -

cun espírito máis humanitario - algún cronista inglés da época. Hogano seguimos tendo un povo indixente, coas pensións e salarios un 12% máis baixos que a media estatal, un povo condenado á pobreza, á emigración ou á servidume. E numerosos cargos de responsabilidade: civís, militares e eclesiásticos si- guen estando en mans de foráneos ou de trepas que renegan de Galiza -do seu idioma e da súa cultura- e da mesma huma- nidade. E téñenos por bos patriotas espa- ñois, que desde fóra apoian porque fomentan en nós o autoodio e a asimila- ción. Case toda a prensa en papel está en contra da nosa supervivencia como povo diferenciado e faise en castelán. Levan cincocentos anos oprímíndonos e inten- tando asimilarnos e necesitan colabora- dores; porén a Galiza boa e xenerosa, milagrosamente, resiste. Non deixarse asi- milar e non ser amigo dos que asoballan a nosa matria -ou patria, se preferides- é un deber sagrado. E non enfrontarse gra- tuitamente aos nacionalistas galegos para darlles gusto aos opresores, outro. Cando amputan o noso hino, deixándonos só dúas estrofas, estannos a dicir até onde nos consinten que nos sintamos galegos: a rebeldía -unha vez máis- é a única op- ción digna.

A intromisión do castelán en Galiza co- mezoou en época dos Reis Católicos, a fi- nais do século XV, introducindo nobres, autoridades e clero foráneos, dando co-

mezo así á asimilación forzada das clases altas galegas; pasando o idioma galego a ser lingua coloquial e familiar e deixán- dose de escribir. O ascenso social estaba vencellado ao uso do castelán, igual que agora en moitos casos. A represión e de- turpación da toponimia e dos nomes pro- pios exténdese. Comezan os Séculos Escuros das nosas letras, nos que só as clases populares iletradas manteñen o idioma. Denunciaba frei Martín Sarmiento que aos nenos se lles pegaba en clase cando falaban en galego e defendía xa no século XVIII o ensino en galego. Desta

postración tiraran- nos os nosos ilus- tres devanceiros do Rexurdimento; porén a burguesía galega xa estaba castelanizada e o conflito lingüís- tico xa era un con- flicto interno. Será en 1916, coa fun- dación das primei- ras Irmandades da Fala, cando o povo galego volve reco- brar a súa digni- dade. Porén o imperialismo polí- tico e económico español leva parello o imperialismo lingüístico e axiña chegaría a repre- sión. Non sempre somos libres para vivirmos en ga- lego. A liberdade haina que con- quistar día a día, nun esforzo cons- tante.

Porén quen in- tente comprender, amar, defender e

difundir a lingua e a cultura galega -sexa natural de Galiza ou non- verase recom- pensado. E quen a traicione ou quen veña aquí coma un conquistador, tarde ou cedo, tamén terá o seu merecido. Chamá- delle karma -se queredes- ou xustiza uni- versal. Como dicía en 1916 Antón Vilar Ponte, fundador das Irmandades da Fala: “Pobo que recobra a súa lingua, recóbrase a si mesmo. E cando morre un idioma, morre un pobo”. E en 1918 tamén dicía en Santiago: “Pra Galicia oxe o problema é de vida ou morte, de sere ou non sere”. Carbalho Calero aseguraba que o idioma era a alma dunha nación. Así que, como di Cabada Castro, negémonos a admitir unha Galiza desalmada. A lingua é parte do noso patrimonio e temos o deber de defendelo. Teñamos tamén presentes as palabras de Castelao, cando di que “un idioma é o corpo sensible dunha cultura, e todo atentado á lingua peculiar dun pobo, representa un atentado a súa cul- tura peculiar”.



Agustín Pániker en Galicia

Por: Roberto Carlos Mirás



Desde que comenzou coas súas pri- meiras lecturas Agustín Pániker non parou de escribir y de viaxar. Cando escribimos a nosa columna o noso autor atópase en Chile e máis tarde dín- nos que estará pronto na Arxentina. Como algún que outro escritor nolo imaxinamos escribindo e tomando notas entre vó e vó. É ao chegar a Barcelona vemos que pronto dará unha conferencia sobre a India e a súa diversidade nun centro catalán. Mesmo nos informan de que lle enviaron un texto para a súa publicación ou non e debe estar lendo nese ou noutros viaxes que fai regularmente. E tamen nos din que acaba de estar na feira do libro en Madrid, e antes estivo en Barcelona na coñecida como San Jordi. Pero falar de Agustín Pániker e non falar de Salvador Pániker é un erro. Dende que se publicou “Conversaciones en Madrid y en Cataluña” e fundou a Editorial Kairós que agora ven de cumprir cincuenta anos este apelido, Pániker, non deixa de dar titulares e de abrir unha porta cara temas que en Es- paña eran completamente descoñecidos. E agora acábase de publicar un novo tra- ballo de Salvador Pániker baixo o título de “Asimetrías” quizaves a súa mellor obra que se pode completar con títulos como o anteriormente mencionado ou “Aproximación al origen” o “Filosofía y Mística” publicados por kairós. Pero non nos es- quenzamos de Agustín que agora con moito acerto leva a Editorial fundada polo seu pai e di esa frase clásica de “zapatero a tus zapatos” Alguén o denominou desde que viu aquela lonxana foto na revista Al- tair como o autor dos monográficos pois parece todo un reto cando téñ unha idea e a desenrola en forma de Libro. Ao ver a súa bibliografía atopámonos con verda- deiros traballos enciclopédicos a un nivel social, filosófico e cultural. Se non tive- ramos universidades habería que crear unha para este comunicador e lector. Xa

saben o dito: “Se non existiran persoas así teríamos que inventalas ou teríamos que buscalas” Tras falar de Xainismo, de Hinduismo ou de Sikhismo o “nos autor” no seu último traballo ofrécenos unha lectura inmensa polo seu contido do mundo complexo e rico, o das castas baixo o título “La sociedad de castas. Re- ligión y política en la India” (Kairós) Non cae nas análisis superficiais senón que abarca a través de setecentas páxinas o controvertido tema das castas na India. Á súa faceta de escritor únese a de editor como xa mencionamos e eso fai deste vo- lume un traballo serio e necesario na nosa sociedade actual que son as castas? Can- tas castas se coñecen actualmente? Que significaron figuras coma Mahatma Gandhi neste tema tan crucial? Desde cando e até cando se coñece o tema das castas? A estas e a outras preguntas o noso autor dunha maneira pedagóxica une un capítulo con outro e ao remate chega- mos a unha conclusión. Para facer deste traballo un volumen asequible ó longo do mesmo con numerosas fotografías que fan así un texto máis accesible e semella que foron buscadas a propósito para este tra- ballo coordinando a foto e o texto. Son numerosas as fotografías que o noso autor mostra, os seus vínculos co poder político e económico, as grandes transformacións sociais ao longo dos séculos (incluídas as críticas do Buddhismo, o tantrismo e a fi- gura de B.R. Ambedkar a quen lle adica un capítulo) Tivemos a ocasión de escoi- talo nunha visita relámpago que fixo a Galicia e as nosas dúbidas quedaron resol- tas ao escoitalo. Non hai imaxe, non hai trampa nin cartón, é así. Agustín Pániker é un autor e editor que ama a súa profe- sión e esto nótese só con escoitalo e velo falar dos temas que domina. E sobre todo ver ese Amor que profesa pola India é os seus traballos son unha mostra delo. Agustinpániker.com

Por: Inma Otero Varela



Josip Mlaki, *Cando levanten as brétemas* (tradución de Jairo Dorado Cadilla). Hugin e Munin, 2016.

A entrada no século XXI veu acompañada para o sector editorial galego da

pluralidade e especialización en xéneros, formatos, temáticas ou, como é o caso de Hugin Munin ou Rinoceronte, en tradución. O lectorado pode acceder deste xeito a obras ás que dificilmente chegaría, xa que para algunhas delas tampouco existe tradución a aquelas linguas máis próximas. Ocorre así co autor Josip Mlaki, escasamente coñecido na súa faceta de novelista no ámbito hispano, aínda que si está traducido ao inglés ou alemán.

Cando levanten as brétemas, escrita en croata,

achéganos á guerra dos Balcáns desde o cerne do conflito mais desde unha perspectiva moi persoal. Non se abeira a descrición minuciosa das causas da contenda nin do desenvolvemento na fronte de guerra. Prefírese o relato subxectivo, pero non por iso menos real ou descartado, dun soldado que escribe as súas impresións por prescrición médica. Accedemos, pois, ao caderno escrito por Jakov Serdar, o protagonista, aínda que tamén lemos os textos doutro doente, e ás súas vivencias no hospital

no que está internado que case se reducen ás visitas do doutor e as enfermeiras, así como ás dalgúns achegados. Malia que o recurso da escrita terapéutica semella un tanto manido, reflicte o desacougo dunha sensibilidade que non é quen de situar as lindes da racionalidade e a loucura no terreo esvaziado da guerra. Chama a atención como o detonante da violencia máis incomprendible se atopa no pequeno, no que semella banal, e non na magnitude desbordante da desgraza. O paxaro coa á rota que o

tontiño do lugar tenta sandar descarga a rabia sádica dos soldados. Os zuniados na cabeza e as brétemas, así como as inxustizas agochadas nos detalles, levan á exposición ridícula ao perigo cando se sobrevive ao terror da batalla.

Á parte dos textos que pertencen aos cadernos, a novela resulta áxil na lectura grazas aos diálogos fluídos. Por outra banda, as referencias literarias e cinematográficas remarkan o sentido final do texto e axudan a perfilar a personalidade do protagonista

que atopa máis dignidade na ficción ca na realidade. É esta unha novela que ilustra ben o horror dunha guerra recente e europea desde o punto de vista de quen a viviu de preto; de quen habitou o lobeiro, lugar simbólico sobre o que se reflexiona na novela e que para os croatas vén sendo o sitio no que se xuntan no inverno as bestas.



A poesía encéndeches luces

Para celebrar o día mundial da poesía, a Asociación Eco-Cultural Lacrar (AEC Lacrar) levou a cabo o actividade "A poesía encéndeches luces". Este evento, aberto a todo o mundo, tiña como obxectivo achegar a poesía ás persoas de Carral, introducirla no seu día a día a través da pega de poemas en farois e puntos visíbeis do concello. Ao longo de todo un mes mediante un evento do Facebook (<https://www.facebook.com/events/171902196521734/>) e do correo electrónico (aeclacrar1@gmail.com), fóronse recollendo máis de 200 poemas que a xente foi colgando e mandando. Estes poemas tiveron unha procedencia moi diversa. Aínda que a maioría de participación correspondeu a xente da contorna de Carral, recibíronse poemas de toda Galicia e incluso dende outras partes do estado español. A xente mandou os seus poemas preferidos

de diversos autores e, ademais, é de destacar a grande cantidade de textos propios subidos á rede e que se difundiron grazas ao evento. Durante este período, acadáronse máis de 150 seguidores, persoas que foron recibindo os poemas colgados e que puideron gozar de todos eles día a día.

O día 20, a véspera do día mundial da poesía, unha vez impresos os poemas en medio folio, fíxose unha quedada ás 18:00 no Bar O Hórreo "A casa do viño con mel" para realizar a pegada dos textos ao longo do concello, tanto na vila como nas parroquias, para que Carral acordase o día 21 cheo de poesía. Por desgraza, algún dos textos que se colgaron foron quitados antes das 10 da mañá, polo que a veciñanza non puido gozar da lectura da totalidade de poemas.

Así mesmo, o poema colectivo que se foi creando no Facebook a través da práctica de escrita automática propia das vangardas coñecida como "Cadáver exquisito", cuxo lema temático era a manifestación de asociacións de ideas que suxería a vila, foi exhibido no monumento realizado en honor aos mártires de Carral, coñecido para toda a veciñanza como "O Panteón". A escolla do lugar, para alén de motivarse pola simboloxía que ten

para o pobo de Carral, debeuse a que era un dos elementos recorrentes que aparecía no texto elaborado de xeito colaborativo e que remataba co verso: "Non somos mártires, somos semente". Cada unha das persoas que premiron a "gústame" na entrada da convocatoria de Facebook en relación á elaboración do cadáver exquisito recibía polo correo persoal a última palabra do verso anterior. A partir dese termo construía o seu verso e enviábao. A última palabra pasábaselle ao seguinte "gústame", e deste xeito se procedeu ata o prazo no que se esgotaba a convocatoria.

A AEC Lacrar quere agradecerlle a toda a xente que participou, que difundiu e que puxo os seus textos preferidos e os seus textos propios para que este evento se puidera levar a cabo.

Ademais, para conmemorar o levantamento de 1946, tema dunha das obras de teatro escritas polo autor homenaxeado este ano polo Día das Letras e que se representa todos os anos na vila de Carral, a AEC Lacrar programou a presentación da biografía de Manuel María (Labrego con algo de poeta) asinada por Mercedes Queixas Zas, nun acto que tivo lugar na Casa da Cultura de Carral o pasado día 29 de abril.



CADÁVER EXQUISITO PARA UN PANTEÓN

O clube dos poetas vivos okupa monumentos funerarios erguidos enriba dun cerne de dor herdado, dun sentimento de bacíos coma ducias de inútiles edificios, incesantes voces provenientes do Panteón que producen arrepiños.

Nos regatos cheos

onde se funde o Brexa co Barcés,
dende a vila botei andar, subindo monte de eucaliptos silvas e maleza,
ata chegar para poderme refrescar, a un río montaños
que ten o berce na montaña escura e electrocutada
polo sentir cego dunha ialma muda.

É xorda pero non muda, as linguas falan sen saber o que escoitan
o que o Xalo fala e a Brexa cala
nesas noites de troula onde ninguén cala, toda a rúa fala
dos mártires da noite e dos fillos da madrugada
esperando o bus no noso cruceiro-parada
onde as chamus viaxeiras en (santa) compañía
soben e baixan dos castromiles o berro seco,
como a baixa mar deixa na area do Loreto
e mil e pico nomes máis:

Non somos mártires, somos semente.



Galicia

Redacción A CORUÑA

Concurso de fotos e vídeos da Torre de Hércules no sétimo aniversario como Patrimonio Mundial da UNESCO

A participación nos certames estará aberta durante o mes de xuño a través das redes sociais da Torre de Hércules: en Instagram para as fotografías e en YouTube para os vídeos



Turismo de A Coruña celebra o sétimo aniversario da declaración da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade cun programa que por primeira vez inclúe concursos de fotografía e vídeo a través das redes sociais. A participación está aberta a todas as persoas durante o mes de xuño. Poderán colgar as súas fotografías do faro romano en activo máis antigo do mundo en Instagram mencionando a @torrehercules coa etiqueta #7aniversariopatrimoniomundial e engadindo a ubicación. Tamén poderán enviar os seus vídeos cunha duración máxima dun minuto a torredeherculesonline@gmail.com para que aparezan na canle de YouTube da Torre <https://www.youtube.com/user/torreherculesacoruna>, á que deberán subscribirse e conseguir o máximo número de “gústame”. As bases da convocatoria están dispoñibles na web <http://www.torredeherculesacoruna.com>.

Os tres vídeos con máis “gústame” recibirán un premio de 100, 200 e 300 euros respectivamente. Para o concurso de fotografía é necesario ser seguidor do perfil @torrehercules co que o faro vén de estrearse en Instagram ampliando a súa difusión en redes sociais. Igualmente haberá tres premios de 100, 200 e 300 euros. A comunicación dos gañadores farase o 1 de xullo.

Os concursos son a principal novidade para a celebración do VII aniversario da inclusión da Torre na lista de Patrimonio Mundial da Unesco, que se cumpre concretamente o día 27 de xuño. A programación incluírá tamén recreacións históricas, charlas e exhibicións de esgrima a fin de semana seguinte, o 2 e o 3 de xullo para festexar o recoñecemento da Torre de Hércules como único faro romano e o máis antigo en funcionamento de todo o mundo.

Entrega dos premios do concurso Picasso Coruñés

O acto de entrega de premios aos e ás gañadoras da III edición do Concurso de Debuxo Picasso Coruñés, convocado pola Asociación da Prensa da Coruña en colaboración co Concello. Rexedor comentou que o mundialmente recoñecido pintor “é un dos orgulllos desta cidade”. “Desaproveitaríamos unha oportunidade enorme se non vinculásemos a súa figura, de renome internacional, ao da cidade, do mesmo xeto que desaproveitaríamos unha enorme oportunidade se non apostásemos por todos e todas vós, e se non apóstásemos pola vosa formación”,

indicou, dirixíndose cara aos e ás menores participantes.

“Cando apostamos pola educación, estamos investindo no futuro da nosa cidade e do noso pobo. Teñamos altura de miras. Picasso estivo aquí a finais do século XIX, e aquí comezou a forxar a súa historia pero, esta cidade aínda pode dar moitas e moitos máis xenios, moitos máis picassos. O fará se somos conscientes todos e todas da importancia que ten a educación e o fomento da cultura dende a escola. O fará se nos consolidamos como cidade de vangarda”, destacou o

En 934€/habitante a media de gasto dos que acudiron á Copa do Rei de Baloncesto

O concelleiro de Culturas e Deporte, destaca que “a cidade aproveitou a celebración deste evento deportivo en clave de oportunidade e reivindicación de valores” e salienta a boa percepción dos/as visitantes “da organización e as instalacións”

Acita, de máximo nivel deportivo, celebrouse entre os días 18 e 21 de febreiro e, segundo un estudo baseado en enquisas que realizou a ACB entidade organizadora xunto co Concello da Coruña creou “importantes fluxos de mobilidade, ao ser a media de gasto de cada visitante na Copa 934 euros, 399 no caso dos residentes na provincia”. De feito, o estudo realizado pola Asociación de Clubs de Baloncesto cifra en 17,13 millóns de euros o impacto económico total o evento deportivo sobre a provincia da Coruña, xerando de forma directa a Copa do Rei uns ingresos (entre organiza-

ciónado para a ocasión. “Existe unha percepción moi positiva en canto á valoración xeral do evento por parte dos e das asistentes.

A cifra en máis de 20 millóns de euros o valor mediático do evento a nivel mundial, “sendo o valor mediático para a marca A Coruña de 2,5 millóns de euros”.

Dimensión Económica

Os cálculos da ACB indican que, sumadas distintas partidas de gasto (tales como abonos, aloxamento, ou transporte) a media de gasto dos visitantes da provincia



ción, asistentes, persoal dos medios acreditados e gastos de provedores e patrocinadores) de case 8,2 millóns de euros. Ademais, e segundo o citado estudo, os as coruñesas outorgan á Copa do Rei de Baloncesto un valor continxente (estimación da valoración económica e social dun ben que non ten mercado) de 3,88 millóns de euros.

As conclusións do informe destacan que “os beneficios aportados pola celebración da Copa do Rei á Coruña e en consecuencia a Galicia, tanto na orde económica, como social e mediática, foron importantes e son recoñecidos amplamente pola cidadanía, según se desprende dos datos e opinións recollidos nas enquisas”.

“De maneira específica existe un recoñecemento xeral sobre o impacto do evento na promoción e imaxe da Coruña, e nos beneficios que obtiveron en primeiro lugar os sectores da restauración, o transporte e a hostalería, e en segundo lugar o comercio minorista co gallo da competición deportiva”, indica o estudo, que tamén destaca a organización do evento, no Coliseum da Coruña, especialmente acondi-

foi de 399 euros, mentres que tendo en conta os equipos participantes e a súa clasificación, os e as visitantes de Madrid gastaron unha media de 780 euros, 920 as persoas vistantes de Árava, 994 as de Las Palmas, 1.022 as de Barcelona, 1.160 as de Valencia e 1.504 euros as de Bilbao, sendo o promedio de gasto dos e das turistas do resto do Estado de 841 euros.

Aloxamento

Segundo as enquisas, un 61% dos e das visitantes se aloxaron en hoteis, pensións ou albergues dentro da cidade da Coruña, indo un 17,6% a establecementos hoteleiros fóra do municipio, e un 15,1% a casa de amigos e familiares, quedando un 6,2% restante de visitantes que optaron por distintas modalidades de aloxamento. O medio de transporte empregado para chegar até A Coruña foi o coche particular nun 44,7% dos casos, o avión nun 30,1%, o autobús nun 13,4% e o tren un 9,1%, quedando como opcións residuais o taxi (1,2%), o vehículo de aluguer (1%) e o autobús privado (0,5%).

Redacción SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por: Rocío Pereira

O Concello cede tres pisos para persoas sen teito



■ Concha Fernández, concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde

A Xunta de Goberno Local de Santiago de Compostela vén de aprobar un convenio coa Federación de Asociacións de Familiares de Persoas con Enfermidades Mentais de Galicia (Feafes), mediante o cal pon á súa disposición tres vivendas para seren utilizadas por persoas sen teito que se atopan nun risco severo de exclusión social.

O alcalde de Santiago explicou tras a Xunta de Goberno Local que a decisión de facilitarlle unha vivenda a persoas en risco de exclusión social xa está en funcionamento noutras cidades europeas baixo o nome de "Housing First". Trátase dun modelo innovador que parte da idea de que para que as persoas sen fogar comencen a superar a súa situación deben poder dispoñer dunha vivenda e seren así menos

vulnerables ante outros problemas que padecen, relacionados nalgúns casos coas adicións. Martiño Noriega salientou que este programa "completará outras medidas habitacionais que vén deseñando o Goberno local, coma os convenios con hostais para o aloxamento das persoas sen teito".

En virtude deste acordo, o Concello de Santiago pon a disposición de FEAFES tres vivendas nas que darán acollida a dous homes e dúas mulleres, tuteladas en todo momento pola entidade asociativa, que acumula experiencia no tratamento de persoas con enfermidades mentais ou adicións. Para o alcalde, esta cesión "poder ser o primeiro paso da rehabilitación de persoas que están presas dunha catástrofe vital".

Santiago incrementa as axudas ás familias para o gasto escolar

O Concello abre a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros públicos e concertados sostidos con fondos públicos de Educación Infantil e Primaria do de Santiago.

A Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, Concha Fernández, destacou o "compromiso" do Concello coas políticas sociais referíndose particularmente ás bolsas comedor que se foron incrementando dende os 135.000 euros, que se concedían antes de chegar ao goberno, ata os 360.000 que recollen os orzamentos actuais.

As bolsas están destinadas a unidades familiares e de convivencia que, por escaseza de recursos económicos, teñan dificultades ou non poden facer fronte aos gastos de escolarización dos menores que teñan ao seu cargo. As bolsas de comedor, concederanse só na modalidade de fixos mensuais, é dicir, de todos os días lectivos do mes. En canto ao servizo de comedor, será subvencionable de setembro de 2016 a xuño de 2017.

Unha das novidades da convocatoria son as bolsas para a realización de actividades extraescolares, que están destinadas a su-

fragar accións educativas, deportivas, culturais e xuvenís que se realicen nos centros de ensino. Ademais, o Concello ofrece axudas para a conciliación que pretenden sufragar o custo do comedor a aquelas unidades familiares ou de convivencia que teñan dificultades para conciliar a vida laboral, persoal e familiar. Concederanse só na modalidade de fixos mensuais.

No tocante aos requisitos para a petición destas axudas, os/as solicitantes deben estar empadroados e residir de forma efectiva no Concello de Santiago, convivir co/a menor para a que se solicita a bolsa e estar matriculado/a no curso 2016/2017. Ademais, é preciso que non se superen as rendas máximas establecidas na convocatoria: unha renda per cápita anual de 6.390,13 euros para o caso das bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos, e de 22.365,46 euros por unidade familiar para as bolsas de conciliación.

Atendendo a diferentes criterios como é familia monoparental, situación de desemprego dun ou varios cónxuxes, familias numerosas, situación e violencia de xénero... as contías máximas a percibir serán de 90 euros ao mes no caso das bolsas de comedor, 30 no caso das actividades extraescolares e 60 para o material escolar.

Teatro, música e arte para celebrar o centenario das Irmandades da Fala



■ Martino Noriega, teatro Irmandades da Fala

O acto central de conmemoración da data tivo lugar o sábado 28 de maio no Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval, pero o Concello celebrou cun amplo programa de actividades os cen anos da orixe do movemento nacionalista galego que estivo activo dende 1916 e ata a creación do Partido Galeguista en 1931.

O Concello organizou para conmemorar este centenario un programa de actividades amplo que abrangueu dende teatro e mú-

sica, ata mesas redondas, intervencións artísticas ou monicreques co fin de lembrar o discurso co que se fundou a Irmandade compostelá, pronunciado por Luís Porteiro Garea. O discurso estaba estruturado en doce puntos e o Concello incluíu na súa programación para este día o mesmo número de actividades.

As asociacións Gentalha do Pichel, San Martiño Pinario e Cidade Vella colaboraron nas propostas, entre as que se atopaban mesas redondas e charlas coloquio sobre

asuntos presentes no discurso de Porteiro Garea, como a responsabilidade do pobo galego no seu destino, a presenza da nosa lingua no ámbito da xustiza ou a realidade económica de Galicia.

Así, o claustro de Fonseca acolleu a representación teatral Ksado, a cargo de de Inacio Vilariño; o vestíbulo do Teatro Principal, outra representación, a de María Miramontes, por Tero Rodríguez. Na mesa redonda "Galiza. Un proxecto de país para agora e para o futuro", participaron Joám

Lopes Facal, Teresa Moure Pereiro, Adrián Dios Vicente e Antón Gómez-Reino Varela. O segundo dos coloquios da xornada, co título "O 'capital' en Galicia hoxe: a herdanza das Irmandades da Fala", correu a cargo de Rosa M^a Regueiro Ferreira, Xoán Ramón Doldán García Manuel e Jaime Barreiro Gil. A cidade vella encheuse de arte con retratos de persoeiros das Irmandades e coa música de Ricardo Parada e Alba María e Luís Caruncho, concertos de Escola Vivan-tes, Cantamadeira ou O Fondo do Peto.



■ Música e baile na rúa Irmandades da Fala.

Galicia

Redacción SANTIAGO DE COMPOSTELA

As "Crucifixións" de Alexandro en San Martiño Pinario

O artista galego Alexandro inaugurou no museo do mosteiro de San Martiño Pinario a súa mostra "Crucifixións", na que plasma cinco anos de traballo sobre este motivo desde o punto de vista plástico e estético. "Non é nada relixioso", asegurou o artista. A mostra conta con dez lenzos de gran tamaño e 60 debuxos. "É unha historia plástica, todo o que conmove do crucificado", manifestou. Nestes traballos destaca que non aparecen as cruces, senón que as persoas que representa "que non son homes nin mulleres" atópanse no espazo. O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, salientou ao pintor Alexandro como un referente actual das artes plásticas galegas no que están presentes tanto a Galicia do interior, representada pola súa cidade de orixe, Ourense; como a costeira, simbolizada por Muxía, onde o autor ten o seu estudo. Neste sentido sinalou como un honor apoiar a excelencia artística, neste caso "da



■ Inauguración da mostra de Alexandro en Santiago de Compostela.

man do que é un dos autores plásticos máis acreditados, con 40 anos de traxectoria e coleccións repartidas por todo o mundo". Deste xeito Román Rodríguez transmitiu a Alexandro "moitos folgos para seguir creando, contribuíndo a situar a

Galicia nas máis altas cotas de excelencia artística". A mostra está composta por 75 pinturas que reflicten crucifixións realizadas ao longo da Historia en diferentes culturas, sen ter que estar necesariamente relacionadas co cristianismo. A exposición segue

a estela do traballo de Alexandro, un labor exploratorio, neste caso arredor dun símbolo enraizado no devir dos tempos e profundamente ligado ao sufrimento humano; experimentando coa gama de cores alexandriana, conformada principalmente por tonali-

dades azuis, negras e amarelas. Nado en Ourense en 1945, Alejandro González Cruz "Alexandro" conta cunha ampla traxectoria de máis de 40 anos enriquecendo todas as disciplinas da plástica galega, e ten amosado a súa obra en galerías e espazos institucionais de Galicia, España e no estranxeiro; ademais de realizar múltiples traballos de ilustración. Do seu labor máis recente cómpre salientar dúas exposicións, "sólido, líquido, gaseoso", mostra persoal e monográfica na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela no ano 2009; e, no 2015, "Alexandro, Antón, Vidal", na que se uniron as obras deste autor e de Antón Lamazares e José Manuel Vidal Souto. Ademais, a Xunta de Galicia escolleu unha creación de Alexandro para distinguir os gañadores dos Premios da Cultura Galega 2013. A mostra de Alexandro permanecerá aberta ata o 15 de xuño en horarios de 12 a 14 e de 19 a 21.30 horas; os domingos e festivos de 12 a 14 horas.

Catrocentos escolares de toda España participaron no VII Campionato Nacional de Cálculo con Ábaco

Catrocentos escolares de toda España, de idades comprendidas entre os 5 e os 13 anos, participaron este sábado no VII Campionato Nacional Aloha Mental Arithmetico. O evento estivo organizado por Aloha Mental Arithmetic en colaboración co Departamento de Educación e Cidadanía. O seu concelleiro responsable, Manuel Dios, achegouse ao CEIP López Ferreiro para presenciar a proba. Para facerse co título de Campión Nacional de Cálculo, os participantes tiveron que realizar 70 operacións aritméticas en 5 minutos, utilizando unicamente

como ferramentas un ábaco, a súa axilidade mental e as súas mans. O alumnado puxo así en práctica as habilidades aprendidas durante o curso a través do Aloha Mental Arithmetic. Este programa de desenvolvemento mental, que se imparte a 15.000 alumnos de 500 centros escolares de toda España, ensina aos nenos e nenas a realizar as operacións matemáticas de sempre dun xeito diferente, máis rápido e máis eficaz. A proba tivo lugar no CEIP López Ferreiro. Os nenos e nenas participaron en distintas categorías, de acordo coa súa idade e forma-



■ O concelleiro Manuel Dios achegouse ao CEIP López Ferreiro para asistir á competición.



■ Os participantes na proba.

ción. Os premios aos Campións Nacionais de Cálculo entregáronse pola tarde no Teatro Principal.

Xincana

A gran novidade do VII Campionato Nacional Aloha Mental Arithmetic foi unha divertida xincana na que os nenos, acompañados das súas familias e coa única axuda do seu enxeño e dun móbil con conexión a Internet, debían resolver unha das sete mi-

sións especiais que se desenvolveron nas rúas de Compostela. Misións tan especiais como evitar o roubo do botafumeiro da Catedral, recuperar o Códice Calixtino, descubrir os ingredientes da tarta de Santiago ou aprender a elaborar unha gaita. Durante algo máis de dúas horas, as familias, ben de forma independente ben en colaboración con outros grupos, resolveron un destes misterios relacionados coa historia e a cultura de Santiago.

Para iso contaron coa axuda do Tuno Astuto, que lles foi ofrecendo pistas e formulando enigmas para que cada grupo puidera resolver a súa misión, así como de distintos personaxes que interactuaron con eles polas rúas de Compostela. Nesta xincana colaboraron, entre outras entidades, tres institucións museísticas da cidade: Museo do Pobo Galego, Fundación Eugenio Granell e Museo das Peregrinacións

O PP afirma que foi un ano perdido para Monforte



■ Vista aérea de Monforte de Lemos, con 19.200 habitantes.

Cando se cumpren doce meses da lexislatura municipal, o Grupo popular considera que o alcalde de Monforte, José Tomé, a única proposta que fixo foi a subida da auga, unha medida que prexudica a todos os veciños e veciñas. “O balance que os populares facemos do primeiro ano de mandato do señor Tomé é moi negativo, porque ademais o equipo de Goberno incumpre de maneira sistemática a maior parte dos acordos alcanzados pola Corporación”. A portavoz do PP, Julia Rodríguez, sostén que a única preocupación do alcalde é “saír na foto” mentres desatende os problemas dos veciños e veciñas de Monforte. Os populares citan unha relación de incumprimentos non só do Pleno senón do pro-

grama co que os socialistas se presentaron ás eleccións de hai un ano. Así, “un dos que nos afectará de novo nestes meses é que Monforte non terá zona de baño este verán nin tampouco un espazo de lecer para o uso e goce no río”, precisa. Nada se sabe tampouco da ordenanza que regule o uso das bicicletas en Monforte, da regularización de servizos que se realizan sen contrato ou con él prorrogado; segue pendente o reforzo da iluminación, sobre todo en puntos con carencias específicas, relata Julia Rodríguez. O ascensor da Casa da Cultura leva anos sen funcionar e aínda non está en marcha. Pendente está a ordenanza do mercadillo dominical e requirir á empresa FCC para que cumpra o contrato que a obriga

a sanear e eliminar as especies vexetais invasoras da muralla. Negouse o alcalde a elaborar un plan director sobre o monumento que permita avanzar na súa conservación e titularidade. Segundo o PPP segue sen realizarse tamén, a pesar da súa aprobación, a mellora e asfaltado de viarias urbanas e rurais en mal estado, así como a dotación de máis estacionamento nas zonas máis colapsadas. O Goberno municipal tampouco rebaixou o IBI como pedían os populares, así como asociacións e colectivos da cidade, nin habilitou un local para que as asociacións de interese social poidan realizar as súas actividades. Non existe solución definitiva para o mantemento dos viarios de servizo da canle, nin arrombou a pasarela do Parque dous Condes, eliminando as pintadas. Sen data mantén ademais, engade o PP, a apertura dos viarios do porto seco para darlle saída e poñer en servizo o acceso ata a LU-933. En materia de cultura, os populares seguen denunciando a inexistencia e insuficiencia dun programa de actos conmemorativos do IV centenario do falecemento de Cervantes. “Desta listaxe podemos concluír que foi un ano perdido para Monforte, un ano no que o alcalde tratou de lavar a súa imaxe con fotos e aparicións públicas constantes, pero sen un traballo detrás que avale a súa xestión”, precisa a portavoz.

O PP denuncia a publicidade do alcalde de Monforte

Manuel Julio Platero Campo en representación da candidatura do Partido Popular no partido xudicial de Monforte de Lemos presentou, o 23 de maio, denuncia ante a Xunta Electoral de Zona contra José Tomé Roca, na súa condición de alcalde de Monforte, por infracción do artigo 50.2 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeneral. Explica o denunciante que “con data 20 de maio de 2016, o Concello de Monforte de Lemos, presidido por José Tomé Roca, inseriu en, polo menos, un medio de comunicación: o Diario “EL Progreso” de Lugo, un anuncio institucional do Concello de Monforte de

Lemos coa imaxe do alcalde e co seguinte texto: “O Concello recupera o alumeado do Paseo de Malecón e dota de novas luces o parque infantil da Compañía”. A Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeneral no seu artigo 50.2 dispón: “Desde a convocatoria das eleccións e ata a celebración das mesmas queda prohibido calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polos poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos, ou que utilice imaxes ou expresións coincidentes ou similares ás utilizadas nas súas propias campañas por algunha das entidades políticas

concorrente ás eleccións”. Neste caso entrou en vigor o pasado 3 de maio.



■ José Tomé Roca é alcalde socialista de Monforte desde maio de 2015.

Viaxe en globo pola Ribeira Sacra

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra presentou en Portomarín a campaña “Pasaporte ás nubes de Ribeira Sacra”. De Monforte saíu a viaxe inaugural en globos para institucións e medios de prensa. “No Consorcio estamos plenamente satisfeitos coa viaxe e coa campaña. O interese despertado augura un destacado éxito desta novidosa iniciativa que busca a diferenciación con outros destinos e unha posible regularidade no servizo coa implicación da iniciativa privada,” dixo Alejandra Seara, xerente do consorcio. “Estamos

convencidos de que é todo un acerto para a Ribeira Sacra. Ogallá o paso do tempo nolo confirme”, agregou. “A viaxe en globo, parece o medio máis impresionante para coñecer a Ribeira Sacra: dende o máis alto e cun absoluto coidado da contaminación acústica e medioambiental”, sostén a xerente. As próximas viaxes faranse en outubro, coas persoas que resulten gañadoras do sorteo ante notario para escoller os 36 pasaportes premiados. Nos voos de outono, o globo sairá dende as proximidades do Canón do Sil e das ribeiras do Miño.



■ Os globos voando sobre Monforte de Lemos.

Lugo, Monforte e Sarria serán sedes dos Xogos do Eixo Atlántico en 2017

Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, xunto ao presidente e o secretario Xeral do Eixo Atlántico, Ricardo Río e Xoán Vázquez Mao, respectivamente, presidiron a xuntanza que celebrou en Lugo a Comisión Executiva do Eixo Atlántico, á que tamén asistiron representantes dos concellos de Monforte, A Coruña, Lalín, Braga e O Barco. Tras a reunión, a rexedora mostrouse orgullosa de poder acoller esta xuntanza “que puxo en valor novamente a importancia da Eurorrexión como motor dinamizador das distintas zonas e cidades que a compoñemos”. Neste senso, Lara Méndez incidiu en que “ante problemas colectivos, son necesarias solucións comúns, para facerse máis competitivos fronte a outros lugares como o Mediterráneo”. A alcaldesa tamén avanzou que na xuntanza se fixo fincapé nas infraestruturas, “que significan ter comunicacións entre a Eurorrexión”, pasando en Lugo, en primeiro lugar pola construción dunha Estación Intermodal, que leva reclamando reiteradamente o Concello, así como pola mellora de comunicacións ferroviarias de cercanías entre a cidade e

Ourense e Santiago. A promoción das cidades a través dos deportes, da cultura e do desenvolvemento sostible, un dos eixos motores da Eurorrexión, foi outro dos temas nos que se centrou a xuntanza, na que tamén se ratificou a consecución de Lugo, Monforte e Sarria como sede acolledora dos Xogos do Eixo Atlántico do 2017, “que cremos que desenvolverán sustancialmente á promoción das tres cidades, e que vai contribuír tamén ao fomento do deporte base”. Para a alcaldesa acoller este evento trasfronteirizo supón un importante pulo para Lugo “de cara á promoción da nosa cidade, á busca de cohesión territorial e á dinamización da zona interior da Eurorrexión”.



■ Xuntanza en Lugo de representantes do Eixo Atlántico.

Galicia

Redacción LUGO

Volando vou pola Ribeira Sacra



■ O equipo televisivo posando no parador de Santo Estevo.

Jesús Calleja gravou na Ribeira Sacra un dos capítulos da segunda tempada do programa de televisión “Volando voy”, espazo no que un equipo de Cuatro televisión achégase ás poboacións máis illadas da xeografía española, entrevista aos seus habitantes e proponlles varios retos relacionados coas novas tecnoloxías. Calleja, alpinista, explorador e figura principal do programa, estivo na Sariña (Chantada) para facer

unha rolda de entrevistas nun improvisado escenario á beira do río Miño. O Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, que preside o alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, iniciou no mes de outubro os contactos para lograr que o equipo viaxase a esta comarca. Logo de intercambiar varios correos electrónicos, explica Sandra Seara xerente do Consorcio, tivo lugar unha reunión en Fitur (Madrid) por mor da que Calleja achegouse á Ribeira Sacra para

buscar localizacións. Finalmente, púxose en marcha a solicitude dos pertinentes permisos e a finais de maio comezaron os traballos de gravación. O traballo concluíu cunha festa no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín). No acto Calleja presentou en público as imaxes que estivo recollendo na zona ao longo da semana. Para quenes quixeron asistir, o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra fretou dous auto-

buses con saídas desde Monforte e desde Chantada. Calleja difundiu no seu perfil de Facebook algunhas das imaxes gravadas. Neste fragmento pódese ver sobrevoando o canón do Sil na

zona de Doad (Sober). Nos seus comentarios, Calleja chama a atención sobre a peculiar paisaxe da zona e as características terrazas vitícolas cultivadas nas escarpadas marxes do Sil



■ Jesús Calleja con Luís Fernández Guitián.

Adegas premiadas na XXII Cata de Viños da Ribeira Sacra

No Balneario de Augas Santas de Pantón (Lugo) entregáronse os premios da XXII edición da Cata dos Viños da Ribeira Sacra que tivo lugar en Monforte de Lemos os días 26 e 27 de maio. O panel de cata formado por 11 expertos catadores examinou 55 mostras de 30 adegas diferentes presentadas a concurso. Con viños tintos presentáronse 34 mostras e os premiados foron os seguintes. Medalla de Ouro: Ponte da Boga (Mencia) de Adegas Ponte da Boga de Castro Caldelas (Ourense), entregado por Ángeles Vázquez Mejuto da Consellería de



■ Representantes das adegas premiadas.

Medio Rural. Medalla de prata: Regina Viarum (Mencia) da adegas Regina Viarum de Sober (Lugo), entregado por José Luís Álvarez Blanco, alcalde de Pantón. Medalla de bronce: Saiñas (Mencia) da adegas Javier Fernández González, de Pantón (Lugo), entregado por José Tomé Roca, alcalde de Monforte. Con viños brancos presentáronse 10 mostras e os premiados foron: Medalla de ouro: Regina Viarum (Godello) da adegas Regina Viarum, entregado por Miguel Ángel Sotuela Vega, en representación da Deputación de Lugo. Medalla de prata: Abadía da Cova (Branco

Summum) de Adegas Moure S.A. do Saviñao (Lugo), entregado por Roberto Castro García, subdelegado do Goberno en Ourense. Medalla de bronce: Peza do Rei (Branco Summum) de Adegas Cachín da Teixeira (Ourense), entregado por Manuel Feijoo González, en representación do Concello da Teixeira. Con viños doutras anadas presentáronse 11 mostras e o premiado con medalla de ouro foi: Abadía da Cova (Mencia barrica 2014) de Adegas Moure do Saviñao (Lugo), entregado por Raquel Arias Rodríguez, delegada da Xunta en Lugo.

Restaurante
A NOSA CASA
Desde 1972

Terrazas. Aparcadoiro.
Tfno. 988 222 227
Tfno. 610 791 813
Carroleiro, 2. Ceboliño
Ourense





Carne, peixe, marisco.

Pratos de temporada.

A capital prepara o Arde Lvcvs



■ Destacados membros da Cohors, en Doade

Un ano máis Lugo ten todo disposto para recibir aos turistas que teñen marcado no seu calendario a data de celebración do Arde Lvcvs, do 16 ao 19 de xuño. Por primeira vez a Muralla Romana non vai ser o único Patrimonio da Humanidade que faga de testemuña da convivencia pacífica entre cas-

trexos e romanos; o Camiño Primitivo e a Catedral tamén o farán, nesta edición como Bens Mundiais. Dende o Concello de Lugo "poñemos todo o noso empeño para que a xente goce nestes días tan especiais, pero nada disto sería posible sen a implicación de toda a sociedade lucense, verdadeira protagonista

da celebración. Comercios, hostalería e asociacións de recreación poñen todo da súa parte para conseguir regresar ás nosas orixes," dí a alcaldesa Lara Méndez López. "Se de algo podemos presumir é de que cada ano acadamos unha participación cada vez maior. Veciñas e veciños de Lugo, visitantes da nosa provin-

cia, de todo o territorio español e incluso do estranxeiro veñen a Lugo coa sa intención de integrarse, chegando a conseguir que a nosa sexa unha das festas máis participativas de todo o territorio español", engade Carmen Basadré Vázquez,

concelleira de Cultura e Turismo. "Este ano ampliase a oferta lúdica e cultural, por iso hai un día máis para demostrarlle a todo o mundo que Lvcvs ten combustible de sobra para arder durante catro maravillosos días", afirma a alcaldesa.



■ A Cohors III Lvcensium participará tamén na edición deste ano.

Sober aproba os orzamentos nos que se prima o gasto social

O Goberno local do Concello de Sober sacou adiante, na sesión plenaria do 1 de xuño, os presupostos do Concello, que supoñen un montante de 2.350.000 euros. O rexedor, Luís Fernández Guitián, salientou o incremento da partida orzamentaria respecto á do ano anterior cuns "400.000 euros máis que a pasada anualidade na que se prima o gasto social e as inversións". Sinalou que "contamos cunha importante partida social, algo máis de 500.000 euros, na que se inclúen as axudas no fogar; un capítulo para emerxencia social e mantéñense as becas de transporte universitario". Se reserva, por vez primeira, unha partida para a Escola Municipal de Teatro, así como un capítulo para colaboracións coas organizacións musicais do Concello e a compra dun piano de cola para o

Auditorio da Casa da Cultura. Con cargo ao capítulo do gasto social haberá obras de mantemento para a gardería, a Casa da Cultura e o ximnasio. "Son uns orzamentos importantes onde priman principalmente as persoas, con 14 auxiliares de axuda a domicilio para o ano 2016", engadiu o alcalde. O rexedor soberino destacou que a partida máis importante do presuposto son as inversións, con máis de 800.000 euros destinados "a actuacións en todas as parroquias, primando o rural". Guitián apuntou que este capítulo conta "con axudas duns convenios extraordinarios firmados coa Deputación de Lugo e con axudas directas da Xunta". Puntualizou que entre as actuacións contempladas "temos o mantemento de camiños, cunha partida de 117.000 euros do Plan de Camiños Rurais subvencionado pola

Xunta con 98.000 e 19.000 euros que achega o Concello. "A intención, explica o rexedor, é que o presuposto de obras e servizos deste ano se destine a

obras de saneamento. Temos 75.000 euros, máis 70.000 euros dun convenio coa propia Deputación; acometeremos diversas actuacións como a sinalización

de núcleos que estamos a facer xa; a reparación de unidades no Centro Sociocultural e a creación dun aula de novas tecnoloxías, con cargo a unha partida subvencionada nun 95% pola Deputación". Haberá unha partida moi importante de mellora de accesos a viñedos, cerca de 50.000 euros e contemplamos a creación e dotación dun albergue municipal cunha partida de 20.000 euros". Guitián engadiu que se destinarán 40.000 euros para a creación de áreas biosaudables e infantís en diversos puntos do municipio e destacou "a intención de adquirir o anterior edificio da Cámara Agraria para que pase a ser de titularidade municipal. Temos a previsión de comprar terreos para facer un área de auto caravanas e a posta en valor do Castro de Sober que está na capital municipal", concluíu.



■ Casa do Concello de Sober

Prato especial: *Almolia*
(Venda probador)

Fin de semana completo en Vila Donatus

Tour turístico en tren Tschu-Tschu.

Visita Via Appia e Adegas Regina Viarum.

Almorzo, xantar e cea en Restaurante a Cantina.

Noite en apartamento Vila Donatus.

aCantina desde 1947

Tífs: 982 19 87 17 - 630 33 35 79. Doade 79. Sober Km. 12 estrada Monforte a Castro Caldelas.

SANGRE, SUDOR Y LÁGRIMAS PARA SER EL
MEJOR MENCÍA DE ESPAÑA

INTERNATIONAL WINE CHALLENGE LONDON 2016



VITICULTURA HEROICA
CARGO DO SÍL - AMAIÑO

VINO OFICIAL ARDE LUCUS MMXVI
BODEGAS REGINA VIARUM

galicia
calidade

Redacción LUGO

Portas abertas nas adegas da Ribeira Sacra



■ *Raquel Arias e Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober, na adega Regina Viarum.*

A delegada da Xunta, Raquel Arias, destacou que a Ruta do viño está a xogar un papel dinamizador do

enoturismo de gran relevancia para a Ribeira Sacra, contribuindo a “achegar novos públicos e desestacionalizar o tu-

risimo" na zona. Arias participou na quinta edición das "Xornadas de portas abertas da Ruta do viño". O programa

ofreceu servizo de transporte con guía no “viñobús”, unha cata comentada e outras actividades de ocio e culturais. Participaron dez adegas e dous restaurantes. A delegada valorou o gran potencial co que conta a Ribeira Sacra para combinar a degustación de viños de calidade coa visita ás paisaxes e singularidades dos territorios nos que se producen. Outra das adegas con portas abertas foi Adega Vella, de Abeleda (Teixeira) na Ribeira Sacra ourensá. Trátase dunha edificación de pedra do século XII, rehabilitada en 2005 sin modificar a súa estrutura e cunha superficie de 400 metros cadrados. Nela elaboranse viños Mencía, Brecenllao e Mouratón así como Godello, Treixadura e Albariño procedentes de seis hectáreas de viñedos propios e cuxa orografía obriga ao cultivo en bancais. Na adega non se utilizan equipos de frío e se fermenta en depósitos de aceiro inoxidable non superiores aos 4.000 litros; fermentaciónes non 18° e 25° controlándose a temperatura refrixerando con auga por medio de duchas. Cun lixero estruxado e decantación natural, son os procesos realizados na adega que presenta no mercado as marcas Adega Vella (Mencía e Godello) e Baluce (en barrica).

16ª Feria Internacional del Turismo
 Termal, Salud y Bienestar
 29 de Septiembre - 1 de Octubre 2016
 Arteaga - Saltillo - Coahuila

 @Termatalia



Termatalia

México 2016



Busca las Mejores Oportunidades de Negocio en America Latina

www.termatalia.com

ORGANIZA

PARTNERS

Galicia

Redacción OURENSE

A Asociación de Mosteiros do Císter presentouse en Montederramo



■ Presentación do acto no mosteiro de Montederramo.

A Asociación de Mosteiros do Císter en Galicia (Acigal) presentouse en sociedade no mosteiro de Montederramo. “O noso desexo é que todo o patrimonio cisterciense galego forme parte do noso proxecto para poñer en marcha a ruta do Císter” dixo Juan Martínez, tesoureiro da agrupación e presidente do residencial mosteiro de Oia. “Galicia é amplamente coñecida pola cantidade e calidade do seu patrimonio, con todo ás veces

parecemos esquecer a importancia que ten mantelo e conservalo como mostra do que somos, con identidade cultural propia”, engadiu. O obxectivo, segundo explicaron desde Acigal, é ter a ruta lista para finais de ano; e xa a máis longo prazo está previsto lanzar unha aplicación para que os edificios poidan visitarse de xeito virtual. Será unha forma de achegalo aos mozos, tal e como destacou a directora xeral de Turismo de Galicia, Nava Castro, tamén presente no acto. Con iso

búscase abrir os mosteiros á sociedade en xeral, máis aló de estudantes e académicos. Iso si, búscase tamén manter unha “contextualización rigorosa”, segundo remarcou Martínez; para o que Acigal buscou o apoio de expertos das tres universidades galegas.

Pai Damián

Houbo un especial recordo póstumo ao Pai Damián, bibliotecario do mosteiro de Oseira (Cea). Como relatores para falar sobre a figura do monxe de Oseira participaron José Carlos Vale, director do Museo de Pontevedra; Ermelindo Portela, catedrático de Historia Medieval da USC; e José Albuquerque, presidente da Asociación Portuguesa do Císter. Tamén asistiron representantes de varias institucións destacadas no ámbito da cultura e personalidades do ámbito cisterciense a nivel europeo, tales como Jean Louis de Lagausie da Abadía de Fontfroide, Irene Ben da Abadía de Herkenrode (Bélxica), José Pont, do Mosteiro de Pedra (Zaragoza) e Walter e Domingas Oswald do Mosteiro de Sao Cristovao de Lafoes (Portugal), todos eles integrantes da Carta

Europea do Císter. A xornada continuou coa intervención do coro Schola Gregoriana Lucensis. Houbo un encontro coa comunidade e unha visita guiada ao mosteiro.

Valor patrimonial

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, enzalzou o valor turístico dos mosteiros galegos como dinamizadores das economías locais polo seu alto valor patrimonial. Nava Castro explicou que Galicia conta con 15 mosteiros cistercienses e que estas construcións teñen un importante significado arquitectónico, histórico e cultural que queda patente coas 14 declaracións de Ben de Interese Cultural que reúnen, así como coa consideración de Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO. Por iso, a directora considerou que son un

ropa e conformado por máis de 200 mosteiros de toda Europa. Así mesmo, Nava Castro fixo fincapé no proxecto “Cistercium Experientia” de Acigal para achegar á mocidade galega a través das novas tecnoloxías os mosteiros cistercienses da Comunidade: Monfero, Meira, Sobrado dos Monxes, Toxosoutos, Aciveiro, Penamaior, Ferreira de Pantón, Xunqueira de Espadanedo, Oseira, San Clodio, Melón, A Franqueira, Oia, Armenteira e Montederramo. Ademais, avogou pola colaboración público-privada e interadministrativa coa finalidade de conseguir un marco eficiente de traballo para o desenvolvemento turístico. Desta maneira, segundo a directora, Galicia contará cunha ampla oferta multiexperiencial e diferencial destinada a todo tipo de turistas, o que contribuirá a seguir coa tendencia positiva do



■ Xantar de confraternidade en Casa Elvira.



■ O bispo de Ourense, Leonardo Lemos, con membros de Acigal.

importante reclamo turístico e un factor clave no desenvolvemento das economías locais dos territorios do interior galego nos que se sitúan. A directora explicou que para a conservación e promoción destes mosteiros é fundamental a labor que se desempeña dende Acigal, entidade de recente creación. Neste sentido, a directora amosou o seu desexo de que a asociación contribúa á implantación en Galicia do Itinerario Cultural das Abadías Cistercienses, declarado polo Consello de Eu-

turismo galego, que neste primeiro cuadrimestre do ano incrementou un 7,3% o número de viaxeiros aloxados e un 6,7% as pernoitas en establecementos hoteleiros. O alcalde de Montederramo, Antonio Rodríguez, dixo que “a ver se somos quen entre todos de devolverlle o seu esplendor, e nos axude a fixar poboación, que boa falta nos fai. Temos moi boa vontade, pero non temos medios económicos, esperamos que entre todos a levemos para adiante”.



Allariz celebrou sin incidentes a Festa do Boi



■ Os bois saen mañá e tarde pero non son os mesmos.

Do 21 ao 29 de maio celebrouse en Allariz a Festa do Boi. O Concello de Allariz delega a organización da Festa do Boi na asociación cultural Xan de Arzúa (en recordo ao fidalgo que fixo a procesión do Corpus fronte ás burlas dos xudeus, subido a un boi, hai 699 anos). Tódolos días, maná e tarde, o boi saíu ás rúas do casco vello durante media hora. Tamén houbo espectáculos de monicreques, feira e xantar medievais, roteiro histórico, mostra de artistas locais, exposicións, concursos de trovadores e pasarrúas coa treboada dos Zés Pereiras, de Portugal, que levan concurrindo 25 anos, segundo recorda Gelucho.

Xan de Arzúa

A Fundación Xan de Arzúa emitiu un comunicado para saír ao paso dalgunhas afirmacións ou argumentacións que se expuxeron para pedir a abolición da celebración. Lémbrese en todo momento

que o animal é o protagonista, como o foi do feito histórico na loita de 1317 facendo escapar aos xudeus, e por iso é considerado e tratado como tal. Indícase que en Allariz non hai “corridas” ou “peches” e comparalo con San Fermín “só pódese facer dende o descoñecemento”. O colectivo insiste en que o boi é un símbolo e como tal é coidado todo o ano e nunca “é obxecto de ataques, de agresións de ningún tipo nin de burlas”. Os animais saen, na festa, cada dous días e fan un percorrido de media hora, con paradas. Cando se decidiu recuperar esta festa empezouse buscando animais para a Festa do Boi no norte de Portugal. E máis tarde recorríase a gandeiros da zona. Lugo o Concello de Allariz incluíu dentro dos seus proxectos de loita contra os incendios e posta en valor dos recursos forestais a creación dunha explotación de gando no monte comunal de Penamá. Optouse pola raza autóctona vinculada á zona, a

limiá, e desde entón os animais viven en réxime de semiliberdade. A alaricense é unha das explotacións máis importantes da provincia de Ourense de raza limiá e por esta iniciativa o Concello de Allariz foi premiado no 2009 pola Unión Europea. En Penamá desenvolven o seu ciclo vital os animais que participan na Festa do Boi. No lugar se crían máis de noventa vacas e sete bois; selecciónanse para a festa animais que cumpriron catro anos. En abril realízase a proba, que consiste en botarlle a corda ao animal para ver cómo se comporta. Na explotación municipal lembran que se trata “dunha raza de animais que sempre estivo nas casas, era o gando que se usaba non campo, non estamos a falar de touros de lida”. Os catro animais seleccionados baixan a Allariz durante a festa á denominada Casa do Boi, unha edificación para ser usada con motivo da celebración que conta con cuadras individuais para cada un dos ani-

mais. Ao finalizar a Festa do Boi os exemplares regresan de novo a Penamá e alí seguen vivindo ata completar o ciclo vinculado á explotación. Un ano antes do sacrificio báixanse a unha instalación situada en Coedo, onde leva a cabo o proceso de engorde. Cos animais que se crían na explotación ecolóxica contribúese a loitar contra o abandono da masa forestal e previr os incendios e achégase o produto que logo se promociona durante as Xornadas de Carne de Boi que se celebran anualmente na vila.

Avatma e o alcalde

A asociación de veterinarios Avatma pediu a eliminación da Festa do Boi polo “sufrimento emocional” que padece o animal. José Enrique Zaldivar, presidente do colectivo, resalta que o animal é sometido a un proceso “antinatural, porque non están habituados a ese esforzo e a estar rodeados de bulicio, e nun ambiente que non lles debe de resultar agradable”, engade. O veterinario destaca que ao animal “váiselle a esixir máis esforzo que o que realiza normalmente e iso reflectiríase en alternacións musculares do aparello psicomotor, que se podería comprobar se se fixesen análises”. O presidente da asociación de veterinarios abolicionis-

tas da tauromaquia e dos malos tratos animais considera que “non cabe xustificación” á festa e sinala que apelar á tradición para mantela, tampouco. “As tradicións pódense abolir, cuestionar, cambiar... Hai uns modelos de goma que son estupendísimos para que a xente poidase divertir e que non supoñen que un animal sufra”, resalta. O informe de Avatma engádese á campaña posta en marcha polo colectivo Libera a través de Internet. Suman máis de 17.000 firmas para suprimir a festa. O alcalde de Allariz, Francisco García, reitera que non é “ningún tipo” de espectáculo taurino. “Ten a ver cunha tradición que se hai algo co boi é mimo, de protección e coidado co animal”, argumenta, para resaltar que nos últimos anos mesmo se fai un acto no monte de San Salvador “para demostrar a fantástica raza de boi que temos en Allariz”. Asegura que calquera persoa que asistise á festa “é consciente do respecto e coidado ao boi, que é o rei da festa”. García asegura que no Concello non ven “motivo algún” para deixar de celebrar unha cita que está declarada de interese turístico. “Se houbera algún tipo de malos tratos, teríamos unha posición crítica coma se temos contra outros espectáculos que entendemos que están fóra de contexto”, engadío o rexedor.



■ Treboada dos Zés Pereira, de Portugal.



Alodio



Ribeira Sacra

Area Comercial: Gelucho 629 890 540

Pallabarro

Hotel - Restaurante
allariz - ourense



Maricarmen e Luigi

Rúa Sur, 1. Tfno 988 55 40 27 - Martes pechado
www.pallabarro.com • info@pallabarro.com

Agafe celebrou o Día Internacional das Feiras

O día 8 de xuño celebrouse o Día Internacional das Feiras creado pola Unión de Feiras Internacional (UFI) e ao que se adheriu a Asociación Galega de Feiras e Exposicións (AGAFE), co fin de divulgar e dar a coñecer mundialmente a importancia do sector feiral, a súa esencial contribución a cada economía nacional e local, e o impacto económico que supón. “O sector feiral de Galicia atópase en pleno auxe de actividade, somos o punto de encontro idóneo para a oferta e a demanda dos principais sectores da comunidade” segundo declarou o presidente de AGAFE e director Xerente de Expourense, Alejandro Rubín Carballo. O pasado ano 2015, Galicia celebrou 250 certames dedicados a diferentes ámbitos de actividade: gandería, turismo, librería, gastronomía, automóbil, actividades marítimas, entre outros. Cabe destacar as 5 citas internacionais que organizaron os recintos galegos: Xantar en Ourense, Semana Verde en Silleda, Internacional do Moble de Galicia na Estrada, Termatalia en Ourense e Conxemar en Vigo. En canto a cifras, cubríronse 400.000 m2 de exposición grazas aos 6.500 expositores e máis de 2 millóns de visitantes que se achegaron ata estes eventos. Durante o ano 2016, os xestores dos recintos e organizadores de eventos contan con seguir esa liña ascendente. “Os certames que se celebran hoxe en día son máis profesionais e adaptados ás necesidades do público, e as redes sociais e as novas tecnoloxías son un gran apoio de promoción que debemos saber aproveitar” declarou o vicepresidente e director xerente do Instituto Feiral de Vigo, Arsenio Fidel Prieto. A internacionalidad é un dos puntos máis importantes que están a desenvolver os principais actores do sector fei-



■ Rolda de prensa da xunta directiva de Agafe.

ral. Ao longo deste ano celebráranse as citas con certificado de internacionalidad polo Ministerio de Economía e Industria de España: Xantar en Ourense, Conxemar en Vigo, Semana Verde en Silleda, Funergal en Ourense e Termatalia, o proxecto máis internacional xa que este ano celebrárase en Arteaga, no Estado Mexicano de Coahuila.

Día Internacional

Os organizadores feirais queren, coa celebración deste día, lembrar aos seus propios expositores e visitantes, a institucións gobernamentais e organismos locais a contribución enriquecedora e decisiva das Feiras para a economía do país. A Asociación Galega de Feiras e Exposicións destaca os seguintes puntos en relación coa importancia das feiras: As feiras son esenciais para o desenvolvemento de moitos negocios dentro e fóra delas. Estes eventos desenvolven a

contorna onde se celebran, dando emprego e riqueza en sectores como a hostalería e a restauración, os transportes e os carburantes, e o comercio local. En Galicia, unha feira xera na súa contorna económica entre 5 e 7 veces o volume do seu custo. A empresa expositora reforza a súa imaxe de marca ao expoñer na feira e tamén é a mellor maneira de que as novas empresas déanse a coñecer. A través da asistencia a feiras coñécense as novidades e adóitanse novos coñecementos no sector obxecto da feira, xa que en paralelo adóitanse celebrar xornadas técnicas coas que os asistentes obtén un maior coñecemento e especialización. As feiras son lugares de networking: négóciase con clientes xa captados, coñécense novos clientes e ábreanse novos mercados. O contacto presencial é insubstituíble. As novas tecnoloxías son un complemento importante para as ac-

cións de márketing das empresas, pero sempre prima o encontro cara a cara e o contacto directo cos produtos que ofrecen as feiras. As feiras son vías de internacionalización: as empresas expositoras poden contactar e presentar os seus produtos a empresas de numerosos países sen ter que realizar varias viaxes ao estranxeiro, co custo e o tempo que iso supoñería. As feiras teñen un gran percorrido. A relación persoal, a negociación, coñecer directamente a varios provedores e os produtos da competencia, todo no mesmo lugar, fai que este tipo de eventos sexan un espazo para o contacto directo de máxima intensidade.

Agafe

A Asociación Galega de Feiras e Exposicións é unha organización privada, sen ánimo de lucro, para a representación, coordinación, defensa e fomento das ac-

tividades feirais, exposicións e eventos dos seus membros. Constituíuse o 11 de maio de 2012 e actualmente confórmanos 53 asociados distribuídos polas catro provincias galegas, dos cinco sectores que integran o ciclo da organización de eventos: xestores de infraestruturas, organizadores, provedores de servizos directos e indirectos, e profesionais. Os seus principais obxectivos son, en liñas xerais: contribuír ao desenvolvemento xeral das actividades feirais e eventos en Galicia, potenciando o desenvolvemento e mellora de intercambios comerciais a través da organización de exposicións, feiras e eventos sectoriais e monográfico. Actualmente está a asociación a traballar diferentes proxectos de Medición de Impacto Socioeconómico, Detección de necesidades de investimento e de internacionalización e accións de mellora e Desenvolvemento de plataformas web e outras ferramentas colaborativas, que inciden no mellor funcionamento dos seus asociados e, consecuentemente, dando un mellor servizo a empresarios e consumidores. A reunión de AGAFE celebrouse no Hotel Oca Puerta del Camino, de Santiago, coa asistencia dos membros da xunta directiva. O presidente, Alejandro Rubín, director xerente de Expourense; vicepresidente, Arsenio Fidel Prieto, director xerente do Instituto Feiral de Vigo; tesoureiro, Óscar Fontán, director de Oca Hotels; a secretaria, Cristina Álvarez Bermejo e os vogais, Ricardo Durán, director xerente da Fundación Semana Verde de Galicia (Silleda); Pilar Rodríguez, presidenta da Asociación Galega de Libreiros; Javier Pérez Bello, presidente da Federación Galega de Autónomos (FEAGA) e Luís Vázquez, delegado para Galicia do Grupo Marva.

Inquedanza da PROCAP de Ourense polo Centro Público da Atención as Persoas con Diversidade funcional

Ven de celebrarse unha xuntanza dos membros da plataforma na que se analizou a situación actual do prometido Centro Público de Atención a Persoas con Diversidade Funcional; pois logo da aprobación dun orzamento para a súa apertura, non se fixo ningún tipo de actuación por parte da Conselle-

ría, o que leva a dubidar da realidade do proxecto antes do remate desta lexislatura. A Plataforma demanda se axilicen os trámites para a aprobación do proxecto e a súa execución antes da disolución do Parlamento Galego. Tamén solicita unha xuntanza co Conselleiro para detallar as obras a

realizar na primeira e segunda fase do proxecto; considerando imprescindible estexa acompañado polos técnicos da Consellería que van a elaborar o proxecto de execución; xuntanza que consideran de absoluta urxencia esperando unha resposta afirmativa nos próximos días. En caso contrario a Plataforma re-

tomará a campaña reivindicativa e de sesibilidade cidadá. Aseguran, non van consentir de ningunha maneira, ser utilizados como promesa electoral, dándolle largas e dilatando as actuacións no tempo; xa que a construción dun CAPD en Ourense é urxente e imprescindible para a atención ás persoas que

vai dirixido e para as súas familias. A Plataforma agradece aos concellos da provincia que están mostrando a súa solidariedade, posicionándose de forma unánime nos plenos dos diferentes concellos, a favor de que un CAPD en Ourense sexa unha realidade.

Empresas e institucións mexicanas apoian a celebración de Termatalia México-Coahuila 2016

Termatalia 2016 promocio-nouse en ExpoSpa, celebrada no Word Trade Center de Cidade de México, un dos foros máis puxantes para este sector en América Latina e que está organizada pola Asociación Latinoamericana de Spa. As actuacións de Termatalia arrincaron coa inauguración do Congreso Latinoamericano de Spa, na que tomou parte o director xerente de Expourense, Alejandro Rubín Carballo. O congreso, seguido por máis de 800 profesionais, desenvolveuse un panel no que Termatalia foi analizada como ferramenta para o posicionamento global de destinos de turismo de saúde e benestar. Este panel foi moderado polo presidente académico de ExpoSpa, Dr. Ramón de la Rosa e interviñeron expertos como Carmen Pardo López, development manager para Portugal e Galicia de Barceló Hotels & Resorts. Tamén tomaron parte os delegados de Termatalia en México Pacífico, Alejandro Noriega e Venezuela, Ana Fernández; o representante da Secretaría de Desenvolvemento Económico, Competitividade e Turismo do Goberno de Coahuila, José Carlos Riojas, anfitrión na próxima edición da feira internacional de setembro; o presidente da Asociación Latinoamericana de Spa, Toni Androne e a presidenta da Asociación Peruana Internacional de Saúde e Estética, Alejandra Portal. Numerosas empresas e institucións mostraron o seu apoio a Termatalia México 2016, entre elas a Asociación de Spa Sustentable de Latinoamérica coa que fomentará a presenza dos seus asociados na feira.

Contactos

Alejandro Rubín, durante a súa viaxe a México intensificou a rede de contactos para a próxima

celebración de Termatalia neste país, co obxectivo de que, tanto os profesionais e empresas do sector de turismo de saúde e benestar, como o turismo en xeral, e outros sectores, poidan xerar novas oportunidades de negocio. Previa á asistencia a ExpoSpa visitou distintos departamentos da Embaixada de España en México onde se reuniu co ministro conselleiro da mesma, Emilio Vilanova, coa conselleira de Turismo Isabel Alonso, coa que se concluíron varias accións para proxectar España como destino de Turismo de Saúde e Benestar, e con con Jorge Mariné, conselleiro Económico e Comercial en México, quen confirmou a súa presenza en Termatalia México-Coahuila e o seu compromiso para apoiar ás empresas españolas que queiran proxectarse neste mercado. Á súa vez o conselleiro económico propiciou un encontro entre o director de Termatalia e Antonio Cortés, presidente da Asociación de Empresarios Galegos en México, co que se estableceu un convenio de cooperación.

Coahuila 2016

Previamente á promoción en Cidade de México, o director de Termatalia, Rubín Carballo, realizou unha visita técnica ás localidades de Arteaga e Saltillo no Estado de Coahuila de Zaragoza, onde mantivo numerosas reunións de traballo, tanto cos representantes do Goberno da Secretaría de Desenvolvemento Económico, Competitividade e Turismo do Goberno de Coahuila, principal partner de Termatalia México, como con outros axentes do sector. Entre estes, cabe destacar o encontro cos membros da xunta directiva da Oficina de Convencións e Visitantes de Saltillo, presidida por María Eugenia



■ Reunión coa xunta de Convencións e Visitantes de Saltillo, presidida por María Eugenia Sánchez.

Sánchez, co fin de deseñar o receptivo e a oferta de aloxamento para os centos de profesionais que se desprazarán desde todo o mundo. Tamén durante a estancia en Saltillo, Termatalia recibiu a ratificación do convenio coa Asociación de Hoteis de México, entregado polo seu vicepresidente nacional e presidente da Asociación de Hoteis de Coahuila, Karim Saade. Este acordo permitirá beneficiarse das accións de negocio de Termatalia a numero-

sas empresas do sector turístico mexicanas, e por tanto acceder a un amplo mercado ás empresas expositoras na feira internacional. Outra das xestións impulsadas desde o norte de México con repercusión en todo o país será, a través da asociación de Monterrey o acceso á agrupación mexicana de axencias de viaxes coa que se está planificando unha acción formativa que permita involucrar ao sector comerciante polo miúdo na comercialización

innovadora do produto wellness. Coa materialización destes acordos lógrase a involucración a nivel nacional de diferentes gremios empresariais, tanto especializados no campo do turismo de saúde e benestar, como do sector turístico nacional, e outras empresas de México, que contribuírán a amplificar as oportunidades que xere a participación en Termatalia México-Coahuila 2016, do 29 de setembro ao 1 de outubro.



■ Alejandro Rubín coa conselleira de Turismo de España en México, reporteiros de Televisa e profesionais do sector.

EL MOLINO
CAFÉ BAR PIZZERIA
Rúa Murillo, 36 - Tfno. 657 78 66 13
O COUTO - Ourense

el Rincón de Emily
Moda y complementos al mejor precio
Rúa Greco, 13. T. 627 16 84 48
O Couto - Ourense

Construccións e reformas
Servygest Xurés
Tfños. 636 409 711 - 638 60 95 24
servygestbande@gmail.com
Rúa Xoán Manuel Pinto, 8-3ªA
32005 OURENSE

Galicia

Itinerario Cultural Vía Appia por Doade

Por Antonio Rodríguez Álvarez

A feligresía de Doade-Amandi, demarcación territorial eclesiástica que ó longo dos séculos mantivo unha identidade socio-económica importante, significou un espazo no singular Canon do Sil cunha impronta que hoxe chega ós nosos tempos. Berce da actual denominación de orixe Ribeira Sacra (“cunabula ripae sacratae”), que está a medrar de forma sostible no mundo da enoloxía e do turismo. Por Doade pasan en torno a 30.000 visitantes ó ano, segundo datos extraídos das relacións de viaxeiros que transitan polos mares interiores de Galicia. É por iso que os axentes privados e asociacións de Doade (Asociación de Empresarios, Asociación Cultural Amigos da Cantina de Doade e Asociación de Veciños San Mauro), conscentes deste potencial económico, están levando a cabo actuacións conxuntas e coordinadas para unha posta en valor deste anaco da Ribeira Sacra. Estas actuacións están vinculadas entre si para conquistar uns fins incardinados e coherentes dentro dunha serie de actuacións previamente analizadas, programadas e planificadas, onde cada elemento ten

relación cos que lle rodean. Con este novo proxecto cultural, impulsado pola Asociación Amigos da Cantina de Doade coa colaboración de Adegas Regina Viarum, pretendemos recrear unha etapa histórica -a época da conquista romana- dun pobo do interior de Galicia, donde a dominación dos soldados procedentes do Lazio tivo e ten moita importancia no que é a base económica desta comunidade: as bancas de Doade e Amandi. A recreación consiste, basicamente, en poñer en valor diversas riquezas tanxibles existentes, referencia desta época, como son casas de oficios da etapa romana, praza pública (ágora) simulando un anfiteatro romano en donde unha escultura alegórica a viticultura heroica presidirá este espazo lúdico. A actuación está próxima a unha antiga calzada romana, actualmente denominada Vía Luci (camiño de Lugo) por algúns veciños, e vía Appia, por outros. Non está documentada salvo o ponte do Sil ou Ponte de Paradelá (Castro Caldelas) polo que atravesaba, de gran importancia na Idade Media, hoxe baixo as augas do embalse de Santo Estevo do que falaba o Licenciado Molina

en 1550. O itinerario da vía Apia discorre entre as abas da Ribeira Sacra desde Castro Caldelas a

chegar a un mirador dende o que se divisan os bancas de Doade e a vía romana que os atravesa, go-



■ Escultura de Manuel Rial en homenaxe ó carreteiro.

Lucus Augusti (unía, por tanto, a Vía Nova - Vía VIII- do itinerario de Antonino con Lugo, por esta zona). Precisamente, esta actuación parte da estrada LU-903 ata

zando de maravillosas vistas como o Spatium Interpretationis Rivoira Sacra no lugar de Soutochao (actuación turística importante como un mirador natural ó que se

lle agregaron paneis informativos ó longo dun traxecto a pé e tamén conta con unha grande escultura obra do artista Manuel Rial, de 5000 quilogramos en pedra, unha homenaxe ó carreteiro). Esta actuación tamén serve como punto de encontro para visitar as importantes adegas existentes no seu entorno. Adegas que actualmente están apostando pola nova enoloxía, que compiten nos mercados internacionais gañando os primeiros premios, que reciben visitas de grupos organizados e particulares, que están na vangarda da tecnoloxía e que venden os seus produtos no só de forma tradicional, senon tamén vía online. En resumo, todas as actuacións que se están a levar na zona de Doade están imbricadas entre si para conquistar un todo coherente, conforme a un plan previamente establecido e que ten unha soa finalidade: Converter a zona en un referente turístico baseado na idea de zona con fortes atractivos romanos (bancas, viticultura heroica, praza pública romana -tipo anfiteatro-, esculturas evocando a idea de Roma, casas de oficios de época, recreación dun itinerario ou vía romana).

As Irmandades da Fala

Por Ramón Coira Luaces



As Irmandades da Fala foi unha organización nacionalista galega activa entre 1916 e 1931, que asumiu e defendeu por primeira vez o monolingüismo en galego. Aurelio Ribalta, escritor galego que residía en Madrid, realizou en 1915 un chamamento na revista Estudos Gallegos para defender a lingua galega. O 5 de xaneiro de 1916 Antón Vilar Ponte recolleu esta chamada e comezou unha campaña desde as páxinas de La Voz de Galicia para a creación dunha Liga de Amigos do Idioma Galego. Convoca unha xuntanza nos locais da Real Academia Galega na Coruña, á que acudiron 20 persoas e na que se acordou a creación dunha Irmandade dos

Amigos da Fala, que tería como obxectivo a defensa, exaltación e fomento da lingua de Galicia, sendo nomeado Antón Vilar Ponte como Primeiro Conselleiro.

De seguido constituíronse diversas agrupacións locais, comezando pola de Santiago de Compostela e as de Monforte de Lemos, Pontevedra, Ourense ou Vilalba. En 1917 nacen as irmandades de Ferrol, Melide, Vigo, Mondoñedo e Baralla. E en 1918 as da Estrada, Vilagarcía, Betanzos, Ortigueira, Muxía e Lugo. Nos seguintes anos seguen creándose novas irmandades, até un total de 28. Nestas agrupacións foron integrándose persoeiros como Aurelio Ribalta, Ramón Cabanillas, Losada Diéguez, Vicente Risco, Otero Pedrayo, López Cuevillas, etc. E co tempo tamén se fundaron agrupacións na emigración: en Madrid, La Habana, Buenos Aires,...

O 26 de abril de 1916 celebrouse o primeiro acto público, en conmemoración dos fusilamentos de Carral. As primeiras accións estaban dirixidas á promoción da cultura e da lingua galegas, coa convocatoria de cursos de galego, recitais, xogos florais, exposicións, etc, pero axiña adoptan iniciativas de carac-

ter político como a presentación en 1918 de dous candidatos nas eleccións, que non saíran elexidos. Manuel Lugo Freire redactou o que foi o himno orixinario das Irmandades: “Na fala gallega vive / a alma da nosa terra; / a redención de Galicia / nos seus acentos latexa. / Pobo que o seu verbo esquece / é traidor á natureza; / como irmáns todos falemos / a nobre fala gallega”. O 14 de novembro nace o órgano oficial das Irmandades, A Nosa Terra, dirixida por Antón Vilar Ponte e escrita integramente en galego, que naceu xa con 2.000 subscritores. En febreiro de 1917 Lois Porteiro Garea deu un mitin no Casino Republicano da Coruña, o que supuxo o paso á actividade política do movemento e o abandono dos sectores que só estaban interesados no rexionalismo cultural. E La Voz de Galicia convértese no principal adversario de A Nosa Terra. As Irmandades decláranse nacionalistas, federalistas e progresistas e Galicia é defendida como unha nación con lingua, territorio, historia, institucións e cultura propias.

Na I Asemblea Nacionalista de Lugo, o 17 e 18 de novembro de 1918, superase definitivamente o

rexionalismo, defínese a Galicia como unha nación, reclámase a autonomía integral e a cooficialidade do galego. Na IV Asemblea Nacionalista celebrada en Monforte do 18 ao 20 de febreiro de 1922, as irmandades esgazaron: mentres a Irmandade da Coruña -dirixida por Alfredo Somoza e Anxel Casal- e algunhas pequenas da comarca mantiveron as formulacións orixinais e continuaron a editar A Nosa Terra durante a ditadura de Primo de Rivera; o resto das agrupacións constituíuse na Irmandade Nacionalista Galega, dirixida por Vicente Risco

e que propugnaba a creación dun partido de corte nacionalista, desde o que participar nun estado federalista e conseguir a autonomía.

No seo das Irmandades xorden o Grupo Nós en 1920 e o Seminario de Estudos Galegos en 1923, que continuarán coa tarefa de difusión e reivindicación do idioma, así como do estudo e investigación da realidade e cultura galegas. Na VII Asemblea Nacionalista, celebrada en Pontevedra en 1931 acórdase a creación do Partido Galeguista e a disolución das Irmandades.



■ Antón Villar Ponte,

Redacción de LALÍN

O párroco Marcos Torres convírtese no novo presidente do Clube Deportivo Lalín

O Clube Deportivo Lalín tén a “deus” do seu lado. Logo de catro anos de ausencia de relevo á fronte do equipo estaba disposta a deixar as chaves do clube en mans do Concello ou da Federación, pero finalmente in extremis o párroco Marcos Torres accedeu a encargarse da presidencia, visto que tampouco agora había candidatos a optar á mesma. O sacerdote fichou polo clube en outubro de 2014, e apenas dous anos despois chega á máis alta responsabilidade no que sempre foi o clube da súa infancia. Agora comezará a compoñer a súa xunta directiva e planificar a que será a súa primeira tempada na Primeira Autonómica, logo do descenso dos lalinenses esta tempada.

“Dado o cariño ao clube e o afecto profundísimo á directiva saínte decidín dar o paso”, ex-

A nova responsabilidade do párroco lalinense, agora tamén presidente do clube deportivo, non será nada doada posto que mesmo tivo que recoñecer os malos resultados no deportivo, logo de que o clube descenderá a Primeira Autonómica, pero Torres loubou a xestión económica e a dedicación ao clube por parte da última xunta directiva.

Plans de futuro

De cara ao futuro, Marcos Torres pretende contar coa actual plantilla e o adestrador ourensán Alberto Pereira. Ademais o novo presidente dixo que contar co apoio da directiva saínte, o dos xogadores e o técnico, así coma o Concello. “Non vou a entrar coma un elefante nunha cacharrería; por encima do nome do presidente está o do clube, e non podíamos permitir



plicou Marcos Torres ao remate da assemblea de socios, á que apenas asistiron vinte persoas entre as que ninguén quixo optar ao cargo de presidente. Segundo dixo Torres mesmo tomou a decisión de dar un paso adiante “sobre a marcha e durante a assemblea”. Agora, coa responsabilidade de dirixir o CD Lalín ás súas costas, confía en poder convencer alomenos a parte da xestora para conformar o seu equipo, onde haberá máis membros e máis mozos.

a súa desaparición”. O sacerdote chega á Presidencia do CD Lalín con experiencia previa no mundo do fútbol, posto que xogou como benxamín no equipo do seu pobo. Aos 12 anos colgou as botas, e máis tarde cambiounas polo silbato e mesmo arbitrar en Primeira División. O novo presidente do clube lalinense tén agora 32 anos, e ademais da súa profesión e vocación sacerdotal, asume un novo chanzo na súa afición futbolística.

Una recollida de sinaturas no Corpiño enfronta a goberno e oposición no Concello de Lalín

O alcalde pediu desculpas e comparecerá diante do pleno deste mes de xuño e no xulgado o vindeiro día 20 para dar explicacións



Unha campaña de recollida de sinaturas contra unha moción do PP de Lalín para a difusión do santuario de O Corpiño provocou estes días un balbordo municipal. O alcalde de Lalín, Rafael Cuíña, compareceu diante dos medios para recoñecer a súa participación, a do concelleiro Miguel Medela e o alcalde de barrio de Castro, na recollida de sinaturas. Segundo explicaron Cuíña e Medela, a idea de empregar un nome falso para esta iniciativa partiu do propio concelleiro do Medio Rural, pero o alcalde puntualizou que “estábamos todos de acordo porque nos parecía unha carallada polo que nos fixeran das firmas dos taxistas. A min fíxome gracia, pero cando vin ao día seguinte o malestar no Corpiño pois non se quixo seguir, pero se ía facer a recollida de firmas, o que pasa que durou un día ese rollo”. Segundo as explicacións ao respecto ofrecidas por Cuíña, o alcalde de barrio de Castro de Cabras fixo unha chamada co nome falso de “Luis Madriñán Crespo” para informar de que se iniciaba a recollida de sinaturas. A intención do goberno local era levar a modo de testemuña ao pleno algunhas sinaturas de O Corpiño e Lalín, no momento no que se ía debater a moción do PP. Logo de poñer en marcha o plan, o alcalde asegurou que “máis tarde me dixeran que non seguira adiante polo malestar creado na zona”.

Cuíña Aparicio xustificou esta actuación no feito de que o goberno local que preside foi obxecto de campañas similares orquestradas polos populares, nomeadamente no caso dos taxistas de lalín e a peonalización dalgunhas rúas. De tódolos xeitos, admitiu que “nin o PP nin nós debemos andar detrás de suxerir firmas, non é o tipo de política que se fai, pero é que a nós fixéronnolo dúas veces, puxéronnolo a huevo intentar facelo esta vez”.

Comparecencia no pleno

Ao PP non lle gusta que lle paguen coa mesma moeda, e mesmo levaron este asunto á Policía Xudicial que foi a encargada de investigar o caso. De feito a edil do PP Eva Montoto presentou denuncia por este caso o pasado 31 de maio. A Policía Xudicial interrogou ao respecto ao alcalde de barrio de Castro, José Manuel Fernández Ledo, e ao alcalde de Lalín, Rafael Cuíña. Ambos comparecerán o vindeiro día 20 de xuño diante da titular do Xulgado de Instrución número 2 de Lalín, que leva o caso. A acusación contra o alcalde é coma suposto autor dun delito de inxurias e calumnias. O alcalde comparecerá ademais a petición propia diante do pleno municipal deste mes, onde dará tódalas explicacións

sobre este asunto. A pesares do balbordo montado polo PP polo tema, Cuíña aseguraba estes días que non pensa dimitir por este asunto.

Respaldo dos socios de goberno

De tódolos xeitos todos os grupos que integran a coalición de goberno en Lalín coincidiron en restarlle importancia ao tema e arroupar ao alcalde e ao concelleiro do Medio Rural neste asunto. Cuíña asegurou xa que o feito de que o PP presentara unha denuncia é “un exceso por unha cuestión nimia”. De feito, dende o goberno local consideran “un erro que o partido da oposición trate de xudicializar a vida política”, e Cuíña lembroulles aos populares que “eu dixen que nunca o faría, porque creo que os tribunais de xustiza deben estar para cousas serias”.

A pesares da denuncia e a tensión co PP local, o alcalde considera convinte que as relacións entre goberno e oposición en Lalín “se normalicen polo interese xeral de Lalín”. Neste senso, Cuíña mesmo afirmou que votaría a José Crespo como candidato ao Senado “despois de darlle moitas voltas” por entender que o seu papel na Cámara Alta “pode ser beneficioso para o municipio”.

Galicia

Redacción de OURENSE

As festas de Ourense recuperan a Batalla de Flores



■ A tradicional Batalla de Flores será o sábado 2 de xullo ás 7 da tarde.

O tradicional desfile infantil da Batalla de Flores, un dos emblemas máis entrañables das festas de Ourense, regresa este ano á programación festiva logo de dous anos sen que se organizase. Terá lugar o 2 de xullo ás sete da tarde e irá polas rúas Mestre Vide, Otero Pedrayo, Curros Enríquez, Xoán XXIII e Progreso, para finalizar

na Praza Maior. A Batalla de Flores estará composta por carrozas concebidas e deseñadas especialmente para esta actividade. Serán oito as carrozas aportadas polo Concello, que levarán os títulos de "Cervatillos", "Verme de seda", "Poboado de Gnomos", "Flamingo", "Bolboretas", "Xardín Tropical" e "Arco da Vella floral". A estas sumaranse outras

dúas que estarán patrocinadas por empresas colaboradoras. A animación do desfile será de temática variada, contratacións que se están pechando actualmente por parte da Concellería de Cultura. Non obstante, ese día unha parte fundamental de dita animación serán os tradicionais Xigantes e Cabezudos do Concello de Ourense.

Programación musical

Nas festas de Ourense 2016, (do 25 de xuño ao domingo 3 de xullo) actuarán Xael López e a súa banda, Delafé, Coque Malla, Ariel Roth, Sés, Duncan Dhu e Aurn, The Furious Monkey House. Nestas festas, que contan cun orzamento de 325.000 euros, actuarán os músicos locais Gonzalo Arca, The Tetras' Van, Priscila, María do Ceo e Manuel Carballo. A Praza Maior acollerá os concertos de balde a partir das 22:30 horas (exceptuando o de The Furious Monkey House, que será ás 21:30 horas debido á idade dos seus compoñentes, todos menores de idade). O martes 28 de xuño actuará Formula V. O Xardín do Posío acollerá os concertos de pago (5€ por adiantado e 7€ na billeteira) a partir das 23:00 horas.

Movida

Tamarindo Patio Bar situado na Praza Maior, organiza a festa "A Movida", o 11 de xuño para iniciar un conxunto de actividades musicais para este verán. O trío musical coruñés Os Mecánicos interpretarán pop-rock dos anos

60. Música anglosaxoa de formacións tan extraordinarias como The Beatles, The Rolling Stones, Elvis, The Kinks ou Small Faces mestúranse de maneira explosiva co variado cocktail de artistas tan estrañados do rock hispano como Os Salvaxes, Os Bravos, Fórmula V e Os Brincos e, mesmo, galegos como Andrés Dobarro e Pucho Boedo, dos Tamara. Estes mozos repasarán en máis dunha hora e media de concerto algúns dos momentos máis increíbles da década por excelencia do pop inglés, americano, español e galego. Durante o transcurso desta festa realizará un menú tapeo na terraza do devandito local mentres se escoita o directo do grupo musical. O concerto empezará ás 21:00 horas e prolongarase ata as 23:00.

Desfile de moda

O venres día 17 de xuño no mesmo local celebrarase a festa "Solsticio de Verán". Este será un momento para gozar dun ambiente agradable e distendido no que poder gozar do terraceo acompañado de boa música a cargo de varios DJ de recoñecido prestixio e traxectoria. Durante o transcurso desta festa inclúese



PEREGRINUS
Pulpería · Churrasquería

desde
15€
Menú
para
grupos, por encargo

desde
10€
Menú
de lunes
a viernes

**Especialistas en pulpo
y carnes a la brasa**

**Noches y fines
de semana a la carta**

OURENSE: Valle Inclán, 35. Tfno 988 68 65 45 | VIGO: Urzáiz, 5. Tfno. 986 12 30 70

Redacción de OURENSE

un desfile con temática estival, é dicir pases de: moda baño, moda tipo Ibicenca e india, roupa informal e de praia, complementos e calzado de moza e mozo. A Festa empezará ás oito da tarde

e prolongarase ata as dúas da madrugada. Neste desfile de moda participarán establecementos asociados ao Centro Comercial Ourense Centro, informa Rubén Gil Domínguez.

Mercado medieval

O mercado medieval será nas prazas de San Marcial, Imprenta, Ferrería, Saco e Arce e Manuel Sueiro e nas rúas Bailén - desde a rúa da Barreira

a Bispo Carrascosa e desde esta ata a rúa Primavera- e a rúa da Barreira. Segundo as previsións que manexa a Concellería de Cultura nesta ocasión a cifra de postos non superará en ningún caso o centenar. Isto dé-

bese a que as esixencias policiais para garantir a seguridade vetan o uso de rúas utilizadas noutras edicións como a rúa das Tendras e a praza de Santa Eufemia, entre outras.

Descenso do Miño

■ Presentación do descenso do Miño en piragua.

O sábado 18 de xuño celébrase o 48 Descenso do río Miño desde Os Peares até o encoro de Velle, un tramo de 17 quilómetros no que participarán máis de 400 palistas de 40 clubs de Galicia, Asturias, León e Portugal. O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete, destacou que o piragüismo é unha modalidade da que Galicia pode sacar peito: "Somos os primeiros no ránking de licenzas, catro de cada dez das que hai en España son galegas", dixo, "pero tamén cómpre salientar que das

18 medallas olímpicas no piragüismo, nove son galegas". Así que foi un olímpico o encargado de pór en valor a vistosidade da proba: "É un dos descensos máis numerosos da nosa comunidade, pero máis alá da importancia competitiva, hai que salientar o importantísimo compoñente de lecer tanto para a xente que participe no descenso como para quen dedique un sábado a gozar das paisaxes do río cheas de piraguas", comentou José Alfredo Bea, presidente da Federación Galega de Piragüismo.

Rallye de Ourense

Escudería Ourense organiza o 49 Rallye Ourense Termal, proba nacional que se desenvolverá os días 17 e 18 de xuño. A proba contará cos principais favoritos ao título do Campionato de España de Rallyes sobre Asfalto, encabezados polo líder provisional, Cristian García, vencedor de catro das cinco probas celebradas ata o momento. O segundo clasificado, Pedro Burgo, cambiará o Peugeot 208 T16 R5 co que participou nos dous últimos rallyes polo seu habitual Porsche 911 GT3 2010, unidade similar coa que tamén se inscribiu Iván Ares, que será outro dos favoritos á vitoria xunto a Sergio Vallejo (Citroën DS3 R5) ou Alberto Monarri (Mitsubishi Lancer Evo X). Ademais, a proba é puntuable para as Copas Clio R3T European Trophy, Suzuki Swift e Dacia Sandero Rallye Cup. Entre os participantes locais destaca a presenza de Javier Paz, que regresa ao Ourense cun Ford Fiesta R5 de RMC, ou Iago Silva coa súa Peugeot 208 VTi R2, aínda que non faltarán outros habituais das últimas edicións como

Toño Gómez, Luís Aragonés, Juan Carlos Villanueva ou Celso Freire. Escudería Ourense fundouna Estanislao Reverter Sequeiros, "Lalao" Reverter en compañía de, entre outros, Alfonso Bouzo De Sas, José Luis Outeiriño Rodríguez, Emilio Perez Neto e Antonio Fraga Fernández. A Escudería compuxo un equipo de competición, polo que pasaron os pilotos Beny Fernandez, "Peitos", Pío Alonso, Pablo de Sousa, "Ventura", Manuel Sanjurjo, José Pavón e máis recentemente Sergio Vallejo, "Rantur" e Xevi Pons. A Escudería logrou, non sen grandes esforzos,

manterse na elite do automobilismo nacional, conseguindo facerse acreedora en varias ocasións do título á mellor proba do automobilismo nacional. A Escudería está presidida por Antonio "Tony" Fernández, o director de carreira durante estes últimos anos. Rallye Ourense Termal estivo sempre entre as tres primeiras probas de España nas valoracións da Real Federación Española de Automovilismo, a máis diso conseguir co seu equipo de competición ser Campión de España de Escuadras en 2006 e 2008 e Sub-Campión en 2007 e 2014.



■ A Escudería Ourense naceu no ano 1967.

**Desayunos.
Infusiones
y té.**

**Todo fútbol.
Música selecta.**

**Rúa Francisco Lloréns, 7. O Couto (Ourense)
Tfno. 988 24 00 37**

**Bar
A ESQUINA**

**Bocadillos
Hamburguesas
Sandwich
Menú 5 euros**

Rúa Príncipe Luitprando, 28.
O Couto (Ourense)
Tfno. 988 26 00 54

**Carnes á pedra.
Pescados.
Mariscos.**

Non abrimos os luns.

Fonte do Bispo, 8
617 36 75 93. Ourense

a Feira

Pulpería Taberna Gallega

Sebastián Aparicio, 4 • T. 988 68 66 28 • OURENSE
Irmãos Villar, 15 • T. 988 06 07 57 • OURENSE
Plaza del Carbayón, 4 • T. 984 84 27 57 • OVIEDO
San Bernardo, 23 • T. 985 09 01 17 • GIJÓN
Calle del Horno, 3 • T. 984 18 18 69 • GIJÓN

**pulpo de Arcos en
Ourense. Oviedo e Gijón**

Maestro Pulpeiro

restaurantefeira.com

Galicia

Grao en Enxeñaría Aeroespacial no campus de Ourense

Por: Etelvino Blanco Rodríguez

Non resulta nada obvio entender por qué a nosa esperanza e o noso desexo son que o 8 de xuño de 2016 sexa recordado como o día no que se puxo fin a case 30 anos de sinsentido na ordenación universitaria galega. Por iso explicamos a continuación os motivos que nos levan a considerar que o informe favorable emitido onte polo "Consello Galego de Universidades" sobre a implantación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial no campus de Ourense constitúe un fito histórico na planificación e xestión do mapa de titulacións do sistema universitario de Galicia (SUG). Tras obter un informe favorable por parte da "Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia" (ACSUG), o pasado 19 de abril o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, acompañado, entre outros, polo reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato de la Iglesia, anunciou públicamente a decisión política de aprobar a proposta da UVigo de implantar o Grao en Enxeñaría Aeroespacial no campus de Ourense.

Non resultou necesario consultar a opinión das Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña a través do "Consello Galego de Universidades". É máis, atrevémonos a afirmar que foi un enorme acerto non facelo, pois máis de 25 anos de funcionamento deste órgano de influencia política no que están representadas as tres Universidades galegas certifican que a posición de



Santiago e A Coruña tería sido, sin dicio explicitamente, "non a Aeroespacial porque non se implanta na nosa Universidade". Está demostrado que esta actitude, que non se manifesta noutras comunidades autónomas, ten minado considerablemente a oferta de titulacións do SUG, restándolle de xeito imperdoable oportunidades aos nosos xóvenes.

O proceso de implantación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial debería de servir de exemplo de xestión racional e civilizada do noso sistema universitario. Baixo a premisa de que se ten aberto unha etapa máis profesional é competitiva na Universidade Galega, cómpre sinalar que as memorias dos graos en Biotecnoloxía (USC), Enxeñaría Biolóxica (USC) e Enxeñaría Física (UVigo) están aprobadas polas respectivas Universidades dende 2014. Tendo en conta a importancia per se da formación proposta e, tamén, que estas tres titulacións reforzarían

considerablemente a oferta do SUG en sectores estratéxicos da industria galega futura como son aeronáutica, biotecnoloxía, nanotecnoloxía e novos materiais, non fai falta poñer de acordo ás tres Universidades para a súa implantación. Basta con aplicar o sentido común.

O lema da Universidade Cornell (EE.UU.), fundada por Ezra Cornell en 1865, é: "Gustárame fundar unha institución onde calquera poida encontrar instrución en calquera estudo". Este lema ben podería ser adoptado para unha anhelada nova era da Universidade Pública Galega na que, ao igual que en Cornell, se poidan estudar Enxeñaría Biolóxica, Enxeñaría Física, etc. A nosa experiencia de case 30 anos loitando pola educación superior avala que a sociedade galega estaría moi de acordo cun novo rumbo para o seu sistema universitario na dirección apuntada.

ca desta comunidade: as bancas de Doade e Amandi. A recreación

consiste, basicamente, en poñer en valor diversas riquezas tanxibles existentes, referencia desta época, como son casas de oficios da etapa romana, praza pública (ágora) simulando un anfiteatro romano en donde unha escultura alegórica a viticultura heroica presidirá este espazo lúdico. A actuación está próxima a unha antiga calzada romana, actualmente denominada Vía Luci (camiño de Lugo) por algúns veciños, e vía Appia, por outros. Non está documentada salvo o ponte do Sil ou Ponte de Paradela (Castro Caldelas) polo que atravesaba, de gran importancia na Idade Media, hoxe baixo as augas do embalse de Santo Estevo do que falaba o Licenciado Molina en 1550. O itinerario da vía Apia discurre entre as abas da Ribeira Sacra desde Castro Caldelas a Lucus Augusti (unía, por tanto, a Vía Nova - Vía VIII- do itinerario de Antonino con Lugo, por esta zona). Precisamente, esta actuación parte da estrada LU-903

ata chegar a un mirador dende o que se divisan os bancales de Doade e a vía romana que os atravesaba, gozando de maravillosas vistas como o Spatium Interpretationis Rivoira Sacra no lugar de Soutochao (actuación turística importante como un mirador natural ó que se lle agregaron paneis informativos ó longo dun traxecto a pé e tamén conta con unha grande escultura obra do artista Manuel Rial, de 5000 quilogramos en pedra, unha homenaxe ó carreteiro).

Esta actuación tamén serve como punto de encontro para visitar as importantes adegas existentes no seu entorno. Adegas que actualmente están apostando pola nova enoloxía, que compiten nos mercados internacionais gañando os primeiros premios, que reciben visitas de grupos organizados e particulares, que están na vangarda da tecnoloxía e que venden os seus produtos no só de forma tradicional, senon tamén vía online. En resumo, todas as actuacións que se están a levar na zona de Doade están imbricadas entre si para conseguir un todo coherente, conforme a un plan previamente establecido e que ten unha soa finalidade: Converter a zona en un referente turístico baseado na idea de zona con fortes atractivos romanos (bancas, viticultura heroica, praza pública romana -tipo anfiteatro-, esculturas evocando a idea de Roma, casas de oficios de época, recreación dun itinerario ou vía romana).

MORRAZO

Fecimo renova os seus cargos directivos

A sede da Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo acolleu a celebración da súa Asemblea Xeral Ordinaria, de carácter anual para presentación de contas, que este ano coincidiu tamén coa elección da presidencia á federación para os vindeiros catro anos.

Despois de dous meses de procesos electorais nas asociacións locais e renovacións de cargos en ACICA, ACIMO e ACIBU, chegou o momento da asemblea electoral de FECIMO na cal foron elixidos os novos membros para a comisión executiva e foi reelegido presidente Xosé Bangueses recibindo o respaldo da Asemblea Xeral.

Pola súa parte, Xosé Bangueses agradeceu o apoio de todos os asociados e en especial aos membros da Comisión Executiva que semana tras semana traballa en prol desta federación.

Este é o enlace para coñecer a nova Comisión Executiva de FECIMO

PRESIDENTE:

Xosé Bangueses García

VICEPRESIDENTAS:

■ Ana M^a Ave Estévez (Presidenta ACIBU)

■ María Dolores Carabelos Mouco (Presidenta ACIMO)

■ Nélida Carracelas Nieto (Presidenta ACICA)

SECRETARIO:

■ Luís Hernández Nores

TESOURERÍA:

■ Julia Pérez Paredes

CONTADOR:

■ María del Carmen Fervenza Portela

VOGAIS:

■ Fernando Miranda Estévez

■ María Núñez Jaldá

■ María Cruz Bernárdez

Como cada ano, FECIMO presentou a súa edición impresa da Memoria de Actividades que recolle todas as actuacións levadas a cabo no ano 2015: campañas de promoción

desenvoltas e eventos feirais xa tradicionais na contorna, proxectos destacados, actividades de formación, información e asesoramento ao asociado, etc.

Esta memoria supón o resumo dun ano cheo de actividades, e serve tamén como presentación para novas pequenas e medianas empresas da comarca que desexen coñecer a organización.



Norte de Portugal

MORRAZO

O FICBUEU promociona os novos valores cun premio para as curtas de centros educativos

Ata o 1 de xullo poderán presentarse traballos e os cinco finalistas proxectaranse no Festival Internacional de Curtametraxes

Bueu, 10 de xuño de 2016. Os traballos realizados en centros educativos protagonizarán unha das sesións do 9º Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu, que busca deste xeito promover ás e aos futuros cineastas galegos. Ata o 1 de xullo permanece aberto o prazo para que o alumnado envíe os traballos preferiblemente a través do seu centro, ben sexan facultades universitarias, escolas de imaxe ou institutos de Secundaria. Pódense presentar filmes de calquera temática, elaborados neste curso ou no anterior, que non superen os 30 minutos de duración. De entre todas as propostas recibidas, o xurado, composto por tres persoas expertas, seleccionará as cinco mellores. A escola responsable da cinta gañadora farase cun diploma e un premio de 250€.

As obras finalistas da sección 'Escolas galegas' amosaranse o 16 de setembro no Centro Social do Mar, dentro da xornada do FICBUEU 2016 dedicada ao audiovisual galego, e complementarase cunha serie de actividades de interese para os novos valores do cinema. Os interesados poden obter máis información en info@ficbueu.com.



Baco de Ouro para Regina Viarum

Oviño Regina Viarum Godello 2015, da denominación de orixe Ribeira Sacra, subzona de Amandi, conseguiu o Baco de Ouro na edición número trinta deste certame, considerado como un dos máis prestixiosos premios vinícolas do calendario anual. O

certame, organizado pola Unión Española de Catadores, contou coa participación de 2.500 viños, que foron avaliados por un panel de cata integrado por máis de 200 profesionais. O viño premiado é un branco monovarietal de uva godello dos viñedos da adega do mesmo nome, situa-

dos nas ladeiras do río Sil, en Doade, concello de Sober. Regina Viarum Godello xa foi elixido como mellor viño branco na XXII edición da Cata dos Viños da Ribeira Sacra. O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, felicitou aos adegoiros por este novo éxito profesional.



■ Adega Regina Viarum, en Doade (Sober-Lugo).

Casa Mañoso na Vía da Prata

No corazón da vilaourensáde San Cristovo de Cea, arteria principal da Vía da Prata camiño a Compostela, atópase Casa Mañoso, aloxamento rural que ofrece unhas instalacións entrañables nas que poder gozar dun merecido descanso as persoas e as súas mascotas. Con atención personalizada e próxima, o establecemento conta con cinco habitacións triples amplas con baño, tv e Wifi. Ten un salón de 60 metros cadrados e unha cociña semi-industrial de 45. Trátase dunha

casa con 300 anos pero adicada ao turismo rural desde 2011. Pedra e madeira de castiñeiro conforman a súa estrutura; os baños son de baldosa hidráulica e o alicatado italiano. A este lugar veñen andaluces, alemáns, ingleses, coreanos, austríacos, xaponeses, franceses, irlandeses, polacos, italianos e portugueses. Os galegos de Malpica e Cabana de Bergantiños son os máis asiduos. Todos asinan no libro de visitas. A 800 metros de Casa Mañoso pódese gozar dunha selección de viños, tapas, petiscos e bocadi-

llos nun ambiente distinguido, o ambiente de KanelaDrink. Os clientes de Casa Mañoso gozandun 15% de desconto sobre os prezos de carta. Por outra banda, Casa Mañoso e Parapente Ourense únense para practicar este deporte. Ao ser cliente de Casa Mañoso gozase de importantes descontos para participar nun dos voos de parapente Ourense o mesmo para realizar un curso de voo en parapente. O mosteiro cisterciense de Santa María a Real de Oseira está apoucos quilómetros e atende visitas guiadas.



■ Na parte sur de Casa Mañoso está o xardín de flores e árbores frutais.

Día Internacional do Benestar en Ourense



■ Posando ante a gota de auga en Expourense, símbolo de Termatalia.

O 11 de xuño celebrouse o Día Internacional do Benestar. Termatalia uniu-se ás conmemoracións desde a súa sede en Ourense. Foi a través dun acto no que se enalzou o día internacional dedicado aos hábitos saudables e o benestar, onde se presentaron os obxectivos desta celebración e expuxéronse as últimas novidades da Feira Internacio-

nal de Turismo Termal, que este ano se celebrará entre o 29 de setembro e o 1 de outubro en Coahuila-México. Os actos contaron coa presenza do embaixador do Global Wellness Day en España, César Tejedor, que elixiu Ourense, de entre os 55 actos organizados en todo o país, co fin de conmemorar este día e mostrar o seu respaldo a Termatalia.

Guía Gastronómica

Sabores de Ourense



■ Os premiados recibiron as correspondentes distincións.

O Concello de Ourense organizou un ano máis o concurso Pinchos de primavera e entregou os correspondentes premios. Premio do Público (2.309 papeletas recollidas); primeiro premio para bar Fuentefría por “Un mar de fume” (243 votos); segundo premio para A Casa do Pulpo por “O rei do

monte” (161 votos); terceiro premio para A Casita do Pulpo por “Polbo na cama” (159 votos). O xurado da prensa composto por Paula Lodeiro (Barrios) e Higinio Osorio (Onda Cero), concedeu o premio ao establecemento A Saia da Carolina por “A horta da Carolina”. O premio ao Pincho Celíaco ou-

torgado pola delegación ourensá da Asociación de Celíacos de Galicia, foi para A Saia da Carolina. O premio da App #Sabores-deOurense, entregouselle ao bar Fuentefría por “Un mar de fume”. O xurado profesional, composto por Nacho Costoya (premiado maitre e somelier), Eva Fachado e Eduardo Redondo

(Escola Hostalería de Vilamarín) e José Luis Oliveira (blogueiro gastronómico), concederon o primeiro premio a La Estación de Loman polo pincho “Máscara”: o segundo premio foi para Tapa Negra por “Peta-Z” e o terceiro para A Saia da Carolina por “A horta da Carolina”. A comisión avaliadora formada

por Manuel Ferreiro (UHO), María Tesouro (blogueira gastronómica) e Antonio Aguarón (Turismo de Galicia) consideraron finalistas a A Saia da Carolina, Barallete, La Gula, Bar Miguel, O Comellón, Tapa Negra, A Cuqueira de Lourdes, Sybaris 2.0, La Estación de Loman e Pulpería A Feira.



Aniversário do 'MINHO DIGITAL'

Por Miguel Alves

Presidente da Câmara Municipal de Caminha

Há dias recebi um convite na minha caixa de correio que tinha tudo para morrer à primeira leitura. Vinha do Minho Digital, chegava em forma solene e sugeria presença no jantar do primeiro aniversário do semanário digital que se vem impondo no contexto do Alto Minho pela abrangência das notícias e a mordacidade das suas crónicas. O diretor, todos conhecem. Homem



moldado na luta pela liberdade no lado conservador da história política, jornalista de recorte fino que tem nas suas fontes e na reconhecida coragem a marca registada de décadas de trabalho, pena cortante, metálica até, às vezes no limite de um par de estalos, como diria (mal!) o meu camarada João Soares. A equipa, começa na caminhense Isabel Varela, mulher de letras com faro para a informação, junta fotografos e ilustradores e espraia-se numa rede politicamente ecuménica que abraça todo o distrito.

O dito convite chegou de mansinho. Não é graça, é verdade. Aterrou no meu email talvez à espera de expirar por cansaço. Esse foi, em abono da verdade, o meu primeiro pensamento. Um homem é democrata mas não é de ferro: às vezes leva-se tanta a porrada

que cada leitura de sexta-feira se torna um gesto de masoquismo. Mas logo pensei diferente, achei que devia estar na festa de aniversário para assinalar o essencial, para mostrar que a liberdade de expressão não é uma mera expressão, é uma ação diária, que a divergência é salutar quando é fundada em respeito mútuo, que o contraditório fortalece a democracia. Conheço mal o Dr. José Luís Manso Preto mas respeito-o. Não concordo sempre com ele, muitas vezes não gosto mesmo do que ele escreve mas considero o seu trabalho, o seu legado e a sua pessoa. Isso, é suficiente para festejar um projeto jornalístico que nasceu com ele e que honra todo o Alto Minho.

A festa foi no Compostela, em Afife. Caldo verde pontuado com generosa rodela de carnes e

toque de sangue à minhota. Balcão da casa acebolado a lascar na boca e sobremesa farta, como em casa da avó. E alegria, muito alegria entre colaboradores, amigos, patrocinadores e todos os que se quiseram juntar ao primeiro sopro de velas. Antes da farra, os discursos. Da Isabel, que soube descrever bem as dores de nascença e a força do rebento novo; do diretor, que saudou os companheiros e se emocionou nas palavras que dirigiu ao pai; deste que vos escreve que falou de liberdade. Não fiquei para a galhofa dos cantares que riem e dos sorrisos que cantam, que vestidos a rigor afinavam já as gargantas a Alvarinho pouco antes da minha partida. Bastou-me, no entanto, aquelas horas de partilha entre diferentes que se respeitam. Num panorama

jornalístico tão afunilado como é o nosso, num cenário em que tanta imprensa depende do tanto que lhe patrocinam, o projeto Minho Digital é uma lufada de ar fresco que é preciso elogiar. Nem sempre acertam, nem sempre agradam mas complementam a democracia e contribuem para sermos uma região culturalmente mais rica e substantivamente mais informada.

Por ora, vou resistir à tentação da crónica que vinga o xingado. Só o convite da direção para assumir o papel de contador da festa e o risco assumido sem peias, justifica a delicadeza do escriba. Mas há mais, há a sentida homenagem a um conjunto de homens e mulheres que, de todas as leiras e urbes do distrito, fazem do Minho Digital um tributo ao 25 de abril. Muitos parabéns!



■ Presidente da Cáma saúda ao Dorector do xornal NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO, Guillermo Rodríguez.



■ Presidente da Cámar e Director do Minhodigital, Manso Preto.



■ Presidente Cámar, xornalista Isabel Varela e Manso Preto.



■ Grupo Concertista animando a Festa.

Novas da Raia

VILANOVA DE CERVEIRA

Candemil (V. N. de Cerveira) vai celebrar padroeiro no renovado recinto de festas



A freguesia de Candemil conta com uma nova 'sala de visitas'. O recinto das festas junto à Igreja Paroquial foi alvo, no último mês, de um amplo arranjo urbanístico que dota aquele espaço de todas as condições de acolhimento dos devotos de S. Félix e de lazer/convívio para a população. Obra foi realizada pela Câmara Municipal, com apoio da Junta de Freguesia, num valor a rondar os 35 mil euros. O terreno em terra batida foi transformado num estruturado parque de estacionamento e que será igualmente o recinto da festividade em honra ao padroeiro, S. Félix, celebrado em meados de junho. Esta

intervenção era uma necessidade muito sentida pela população e ansiada pela Comissão Fabriqueira, tendo em conta os constrangimentos provocados pelas condições anteriores.

O presidente da Câmara Municipal, Fernando Nogueira, sublinha "a execução de uma obra muito desejada pela população e, sendo uma das finalidades o apoio à festividade em honra do padroeiro, a intervenção permite um espaço de lazer e convívio da freguesia e do concelho, que poderá ser utilizado para outras iniciativas pois possui condições logísticas dignas e necessárias".

Alunos cerveirenses campeões do KODU KUP Portugal

O 3º A do Centro Escolar de Cerveira conquistou o honroso primeiro lugar, a nível nacional, do concurso de programação KODU KUP – Portugal, com a criação do jogo denominado "A tabuada num planeta distante". Autarquia acompanhou entrega do prémio e felicitou crianças e professores. Recorrendo à ferramenta pedagógica de programação visual da Microsoft – KODU –, a turma do 3ºA do CEC desenvolveu, no âmbito da disciplina de Iniciação à Programação, um jogo digital associado à matemática, procurando mostrar que

aprender a tabuada pode ser um desafio divertido. A Microsoft reconheceu o trabalho, a importância e a aplicação geral, garantindo o primeiro lugar ao "A tabuada num planeta distante".

O KoduKupEurope é da responsabilidade da Microsoft Europe e desenvolvido em parceria com o Centro de Inovação da Microsoft em Bruxelas. Ligada ao mundo da programação e da criação de jogos digitais, esta iniciativa já é reconhecida pela Comissão Europeia como uma das melhores práticas para desenvolvimento de competências digitais.



A GUARDA / TOMIÑO

XMMC da Guarda ten nova directiva

Logo da celebración da asemblea convocada para a elección de nova Xunta Rec-tora o resultado foi o seguinte:

Presidente:

MANUEL CASTRO VICENTE

Vice-Presidente

GABRIEL SOLLEIRO CARRERA

Tesoreiro

JAVIER GONZALEZ VERDE

VOGAIS

Mª de FATIMA IGLESIAS FERREIRA
RAFAEL PABLO RODRIGUEZ AMENEDO
JUAN RODRIGUE DOMINGUEZ
JAIME DELFIN BARBOSA GARABAL
MANUEL ROLAN FERNANDEZ

Expertos de Irlanda e Escocia visitan as traídas veciñais de auga de Tomiño

Técnicos de Irlanda e Escocia, chegaron a Tomiño para coñecer, in situ, o sistema de traídas de augas de Galicia, co fin compartir experiencias comúns neste eido.

A visita conta coa colaboración do Concello de Tomiño, e encádrase dentro da 4ª Xornada de Abastecemento Rural, do programa europeo Life Rural Supplies (Life12 env/es/000557 "Solucións sostibles para pequenas redes de abastecemento"), no que participa Coxapo Galicia (Comunidade Xeral de Augas de Galicia), con sede na parroquia tomiñesa de Estás e o Concello de Abegondo.

Dentro dunha rede sobre abastecementos de auga en diferentes países europeos, un grupo de expertos internacionais visitará traídas de auga do concello de Tomiño, acompañados por técnicos de COXAPO e comunidades de augas locais de Abegondo (municipio que comezou con este proxecto europeo no ano 2013).



Novas da Raia

A UNESCO acredita a Ponte...Nas Ondas! como ONG consultora do Patrimonio Inmaterial

Unha das dúas entidades acreditadas en España



Despois de presentar desde hai un ano documentación acreditativa, Ponte...nas ondas! é unha das dúas entidades acreditadas en España, a outra é a Asociación d'Estudis Fallers da Comunidade Valenciana. Co recoñecemento das dúas asociacións, son unicamente sete as entidades españolas acreditadas pola UNESCO para temas relacionados co patrimonio inmaterial, sendo Ponte...nas ondas! a primeira entidade galega en recibir este recoñecemento.

O proceso de acreditación pasou

por varias avaliacións técnicas desde que se presentou a documentación que acreditaba os traballos realizados ao longo de dúas décadas de actividades de Ponte...nas ondas! A partir de agora este labor verase amplificado a nivel internacional.

Para Ponte...nas ondas! este recoñecemento supón un aval ao traballo desenvolvido desde o ano 1995 co patrimonio inmaterial galego-portugués, ao esforzo realizado co seu estudo e investigación, ao proceso de presentación da candidatura ás Obras

Mestras en 2004 e ao labor de transmisión e dinamización deste patrimonio entre as novas xeracións.

Esta acreditación é un bo paso para dar a coñecer o patrimonio común galego-portugués en todo o mundo e contribuír a recabar apoios internacionais á proposta de inscrición na Lista Representativa. Desde Ponte...nas ondas! séguese a buscar apoios para o proceso desde o portal do patrimonio inmaterial galego-portugués (www.opatrimonio.org). A nova plataforma CULTURAQUEUNE

ten como un dos seus obxectivos lograr o recoñecemento deste patrimonio común.

FUNCÍONS CONSULTIVAS

Ponte...nas ondas! poderá exercer as funcións consultivas que o Comité Intergubernamental da UNESCO lle solicite, referidas a expedientes presentados para inscribir elementos na Lista Re-

COÑECEDORES DO PATRIMONIO INMATERIAL GALEGO-PORTUGUÉS

Ponte...nas ondas! foi a asociación promotora da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués á UNESCO, a primeira candidatura multinacional nacida a partir de centros educativos. Ademais, sumáronse ao proxecto gran número de comunidades de portadores como as asociacións integradas na Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, as comunidades de montes e baldíos de Galiza e do Norte de Portugal, facultades universitarias, concellos, asociacións de artesáns ou de músicos tradicionais...

O patrimonio oral galego-portugués é un referente na cultura universal pois a lírica medieval nacida desde unha tradición oral común é estudada e divulgada en diversas universidades de todo o mundo. Este patrimonio oral mantense vivo na actualidade e presenta unha unidade estrutural que perseverou a pesares da fronteira política establecida polos Estados.



presentativa do Patrimonio Inmaterial. Pode ser consultada en programas, proxectos e actividades relacionados co artigo 18 da Convención e no impacto dos plans de salvagarda dos elementos inscritos na Lista de Salvagarda urgente.

Estamos en:
@pontenasondas
<https://www.facebook.com/pontenasondas>
www.pontenasondas.org
www.opatrimonio.org
info:pontenasondas@pontenasondas.org TF: 615 02 98 40

Cumio Internacional de expertos en Medio Ambiente & Saúde en Ponteareas

O Profesor Francisco Peña foi investido como Fillo Predilecto de Ponteareas

O profesor Francisco Peña, experto en saúde ambiental, natural de Ponteareas, co gallo do seu nomeamento como Fillo Predilecto de Ponteareas, organizou e dirixiu un Cumio de Expertos en Medio Ambiente e Saúde a nivel internacional. Desde as primeiras horas da mañá do 27 de maio celebrouse o devandito Cumio no auditorio Reveriano Soutullo de Ponteareas. Nel poidéronse escoitar as voces de sanitarios ambientalistas de África, América e Europa. Expertos en medio ambiente como o dominicano Eleuterio Martínez, a mozambiqueña Teresa Luís Mo-

Domingo Gómez Orea (Madrid) e Francisco Javier Sanz Larruga, ademais de Eduardo Torres Fernández (Barcelona), Victoria Escudero Merino, Estanislao Fernández de la Cigona Núñez, Juan Lirón Lago e Nava Castro Domínguez. Na presentación do evento o profesor Peña destacou o papel da vila de Ponteareas no Programa Galego de Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020. Tras 17 anos de periplo itinerante por toda a xeografía galega, celebráronse 55 Cursos de Saúde Ambiental, cunha participación de 6.000 ambientalistas. Francisco

con Pepe Represas). E anunciou que o próximo VII Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde e LVI Curso de Saúde Ambiental celebrarase no municipio de Cadas de Reis en novembro de 2016. Con tal motivo, o profesor Francisco Peña quixo entregar ao alcalde de Ponteareas, Xosé Represas a Medalla Conmemorativa en esmalte e prata. Pola súa banda, Represas acolleu o distintivo en nome da súa corporación e das anteriores e dixo que sería símbolo dun momento importante na historia da vila.

O alcalde, aproveitando a presenza de tan ilustres persoas



■ Andrés Paz-Ares Rodríguez, María Jesús Lorenzana Somoza, Xosé Represas e Francisco Peña.



■ Relatores e director do Cumio, alcalde de Ponteareas e membros da Corporación Municipal, aplaudindo á esposa do homenaxeado, tras unhas palabras que lle dedicou Francisco Peña.

reira, o mexicano Carlos Pozos, a arxentina Verónica Giberti, o lisboeta Rogério Paulo Da Silva Nunes ou o xefe de Programas de Controis ambientais da Xunta de Galicia, Manuel Álvarez Cortiñas. Tamén expertos na loita contra o cambio climático como José Ignacio Elorrieta Pérez de Diego (Madrid), o enxeñeiro Francisco Silva Castaño e os profesores José Vicente Martí Boscá (Valencia), Rubén Bueno Marí (Alicante), Dominic Royé (Alemania). En recursos hídricos interviron figuras relevantes como os profesores Aurelio Hernández Muñoz (Madrid), José Manuel Pereira Vieira (Portugal), María Julia Melgar Riol, Francisco Alonso Fernández, José Antonio del Rey Martín. En xestión de residuos interviron Susana Paixão (Portugal), Teri Campos Mosquera e Juan Mogin del Pozo. Respecto a xestión de recursos naturais, interviron os profesores

Peña resaltou que Ponteareas foi a única vila capital de comarca de Galicia que acolleu esta iniciativa en tres ocasións, por certo con distintos alcaldes (II Curso de Saúde Ambiental/2000 con Pepe Castro; XLI Curso de Saúde Ambiental/2009 con Salvador González Solla; Cumio Ambiental/2016

antes mencionadas para convidalas a coñecer o entorno medio ambiental de Ponteareas así como a confección das alfombras. Falou de Ponteareas como unha vila rica en patrimonio natural e ambiental e convidou aos relatores a coñecer o río Tea, “un río virxe, sen agresións me-



■ Carlos Rodríguez Dacal, José Vicente Martí Boscá, Eleuterio Martínez, Francisco Peña, Domingo Gómez Orea, Nacho Elorrieta e José Manuel Pereira Vieira.

dioambientais”, e ver como se confeccionan as alfombras florais para o Santísimo Sacramento na noite do sábado ao domingo. Respecto do Cumio, o alcalde ponteareán insistiu en que “cremos imprescindible fixar metas a longo prazo para o desenvolvemento sostible futuro do planeta e a protección do medio ambiente”. Avogou por un modelo máis “esixente” con acordos. E defendeu a posibilidade de que os recursos ambientais cren valor económico.

Francisco Peña sinalou como obxectivo global deste Cumio “loitar por unha saúde ambiental integral para todos os cidadáns do mundo baixo a premisa de que todos os seres humanos somos iguais en dignidade”.

Tamén expuxo os motivos que lle levaron a traer este Cumio a Ponteareas e, desde o punto de vista afectivo, subliñou que se trataba de mostrar gratitude a súa vila natal e á terra onde empezou a súa traxectoria como persoa.

Pola súa banda, Andrés Paz-Ares Rodríguez director xeral de Saúde Pública dá Consellería de Sanidade afirmou a íntima relación entre saúde e medio ambiente. E sinalou que os impactos sobre a saúde humana son complexos e están acompañados de elementos de incerteza. Referiuse, así mesmo, a que ameazas como o cambio climático preséntanse xa como reais. Inclínouse pola necesidade de programas con fins ambientais acompañados de accións para mellorar a saúde ambiental. Destacou a necesidade da vixilancia sanitaria e a saúde ambiental nun mundo cambiante.

Interveu tamén a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Medio

Ambiente e Ordenación Territorial, María Jesús Lorenzana Somoza que cualificou de “complexa e transversal” a actuación en temas medio ambientais. Por iso, afirmou que á parte das potestades públicas para inspeccionar ou sancionar hoxe en día as administracións públicas deben investigar e estudar sistemas e formas para que a contorna non sufra degradación nos actos de consumo. Deseñou que o Cume de Expertos sirva “para ampliar a nosa visión de futuro” e poder profundar na eficiencia dos recursos medio ambientais.

Pola tarde, tivo lugar un acto entrañable, no que o profesor Francisco Peña, acompañado dalgunhas figuras relevantes, presentou o Liber Amicorum, un traballo colectivo de máis de douscentos autores que falan nos seus artigos sobre a figura do profesor Francisco Peña e a súa contribución á saúde ambiental do planeta, así como a relación profesional e de amizade que mantiveron con el ao longo da súa traxectoria académica e profesional.

Máis tarde, coa presenza de todos os membros da Corporación Municipal ponteareá, o alcalde, Xosé Represas, entregoulle o título de Fillo Predilecto de Ponteareas a Francisco Peña. Rematou o acto co concerto da soprano Teresa Novoa.

Finalmente, un centenar de relatores e congresistas do Cumio, e amigos asistiron a unha cea-encontro de confraternidade dos pobos do mundo no Gran Hotel Balneario de Mondariz, onde houbo discursos e entrega de detalles de recordo para todos os asistentes.

“Disgústame que Ponteareas non tivera un crecemento sostible”, Francisco Peña, Fillo Predilecto de Ponteareas

Por: Guillermo Rodríguez

Francisco Peña (Ponteareas, 1955), pioneiro e impulsor da saúde ambiental, debido a súa dilatada traxectoria académica e profesional, tras 37 anos de intensa actividade e labor desenvolvida, ten acreditado un recoñecido prestixio en España e a nivel internacional como un avanzado sanitario-ambientalista e

xeneralista, pola súa contribución aos sectores medio ambiente e saúde na triple vertente docente, investigadora e educativa-divulgativa (con máis de 150 proxectos dirixidos), que se traduciu, entre outros, no recoñecemento da OMS (1989) pola súa valiosa aportación ao Proxecto Europeo “HealthyCities” da OMS; na obtención de

9 premios de investigación científica e 34 recoñecementos, distincións e galardóns; na publicación de 73 libros (16 como autor e 57 como director/coordinador), 184 publicacións científicas e 73 artigos de divulgación relacionados coa problemática hixiénico-ambiental.

Que se sente ao ser nomeado Fillo Predilecto da Vila onde naciches e te criaches os primeiros anos da túa vida?

■ Tendo en conta a miña paixón por Ponteareas, entrar a formar parte do selecto club de fillos predilectos e figuras senlleiras de Ponteareas, supuxo unha emoción moi especial xa que é algo que quedará para sempre na historia de Ponteareas. Gratidade eterna e máis compromiso si cabe coa miña terra ata o último suspiro. Recollendo o sentir de moitos veciños e veciñas, máis adiante terá lugar un encontro popular en Ponteareas para intercambiar ideas e novos retos de futuro, ademais de compartir amizade e afecto, e por suposto dedicarlles o Liber Amicorum a aqueles que o desexen.

Que lembrás con cariño daqueles tempos e que botas en falta nestes momentos?

■ Aos antepasados que me ensinaron a querer a Ponteareas, as persoas que quixen e me quixeron sempre e non me fallaron nunca. O meu paso polos Colexios da Inmaculada e Santiago Apostol donde inicie a miña formación e adquirín valores como a solidariedade, o esforzo, a constancia e o traballo ben feito, o vínculo afectivo co Convento de Canedo-fraternidade, austeridade, axuda aos máis necesitados- formando parte do Coro Infantil San Antonio que fundou o Padre Feijoo e o privilexio de recitar a San Francisco de Asís, o patrimonio natural, cultural e histórico-artístico (o río Tea, A Freixa, o monte de A Picaraña e o roteiro dos Penedos, o castrexo de Troña, as alfombras florais, as visitas ás parroquias e as súas xentes...), o deporte (terra de ciclistas e atletas, hockey sobre patíns na pista de Paco Barillas, o Juvenil e o campo de Pardellas, os primeiros tempos da practica do tenis na pista familiar aberta a todo o mundo –eu cheguei a ser grupo 10 en Galicia e por tanto a estar entre o selecto grupo de mellores tenistas de Galicia na década dos 80-, en definitiva lembrome de tantas cousas boas...

Boto en falta e disgústame que Ponteareas non tivera un crecemento sostible, sobre todo tendo en conta que era una vila singular, cun trazado urbanístico que unía as dúas prazas das que todos os ponteareáns nos sentíamos orgullosos, e que non se continuara por ese bo camiño. Tamén boto en falta un parque empresarial sostible que propicie o emprendemento empresarial e o desenvolvemento económico do Condado. Hai que ampliar e completar o saneamento das augas residuais... Estas prioridades son asignaturas pendentes que o goberno actual ten que afrontar con responsabilidade e eficacia para camiñar pola senda do desenvolvemento sostible futuro de Ponteareas.

Que cualificación darías ao comportamento oficial do acto?



■ Francisco Peña co atributo de Fillo Predilecto de Ponteareas.

■ Desde fai máis de tres décadas, eu sempre procurei dar o mellor de min mesmo a Ponteareas, lealtade incondicional e xenerosidade sen límites a todos os alcaldes e gobernos locais, independentemente da ideoloxía política do momento. Os feitos están ahí, nas moitas actividades que levei a cabo e dirixin en Ponteareas. Nesta ocasión de especial relevancia e significación con motivo do nomeamento como Fillo Predilecto de Ponteareas, en sinal de gratidade dediquei un ano exclusivamente á edición do Liber Amicorum e á organización do Cumio Ambiental como legado a Ponteareas. O esforzo valeu a pena. Nese aspecto sintome satisfeito, si ben esperaba unha maior implicación e receptividade do goberno local ás miñas propostas sempre xenerosas e desinteresadas. En todo caso, teño que dicir que o goberno local cumpriu o seu papel institucional no acto de entrega do título de Fillo Predilecto de Ponteareas, e terá sempre o meu apoio cando me necesite, ao igual que os anteriores e sucesivos gobernos. Hai que sumar esforzos por parte de todos, sempre pensando en Ponteareas, non queda outra.

En paralelo, celebrouse un Cumio Internacional de Expertos en Medio Ambiente e Saúde que organizaches e dirixiches. Por que o fixeches, precisamente, nesas datas?

■ O goberno local acedeu a miña petición de cambiar a data inicial e facela coincidir co Corpus e que os visitantes doutros continentes e de diversas CCAA de España puideran ver in situ as alfombras florais, ademais de establecer sinerxías entre a celebración do Corpus Christi e o Cumio Ambiental, pensando na difusión e proxección exterior da nosa

